



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Anuncio aprobación definitiva da modificación das bases de execución do orzamento no ano 2025. Subvencións nominativas

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Arzúa, en sesión ordinaria celebrada o día 3 de abril de 2025 aprobou inicialmente a modificación das bases de execución do orzamento no ano 2025. Subvencións nominativas.

O acordo de aprobación inicial foi publicado no BOP da Coruña n.º 70 de data 11 de abril de 2025 e no taboleiro de anuncios do concello con esa mesma data.

Rematado o período de exposición pública sen que fose presentada ningunha alegación contra o expediente, e en cumprimento do disposto no 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como do referido acordo plenario, o acordo de modificación enténdese aprobado definitivamente, quedando redactado o orzamento nos seguintes termos:

TITULO I.- NORMAS XERAIS

CAPITULO ÚNICO.- NATUREZA DAS BASES E ÁMBITO DE APLICACIÓN

BASE 1ª.- NORMAS LEGAIS E REGULAMENTARIAS

BASE 2ª.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

BASE 3ª.- INTERPRETACIÓN

TITULO II.- O ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2023 E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

CAPÍTULO 1º.- ESTRUCTURA ORZAMENTARIA

BASE 4ª.- ESTRUCTURA ORZAMENTARIA

CAPÍTULO 2º.- OS CRÉDITOS E AS PREVISIÓNS INICIAIS E A PRÓRROGA DO ORZAMENTO

BASE 5ª.- DOCUMENTACIÓN ORZAMENTARIA

BASE 6ª.- CRÉDITOS E PREVISIÓNS INICIAIS

BASE 7ª.- FINANCIACIÓN DOS CRÉDITOS DO ORZAMENTO

BASE 8ª.- PRÓRROGA DO ORZAMENTO MUNICIPAL

CAPÍTULO 3º.- REXIME XERAL DOS CRÉDITOS E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

BASE 9ª.- NORMAS XERAIS

BASE 10ª.- NIVEL DE VINCULACIÓN XURÍDICA DOS CRÉDITOS

BASE 11ª.- CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS

BASE 12ª.- CRÉDITOS AMPLIABLES

BASE 13ª.- TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO

BASE 14ª.- XERACIÓN DE CRÉDITOS

BASE 15ª.- INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO DO EXERCICIO ANTERIOR

BASE 16ª.- BAIXAS POR ANULACIÓN

BASE 17ª.- MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS

TÍTULO III.- EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL

CAPÍTULO 1º.- NORMAS XERAIS SOBRE EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN

BASE 18ª.- FASES NA XESTIÓN DO ESTADO DE GASTOS

BASE 19ª.- ACUMULACIÓN DE FASES

BASE 20ª.- AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS

BASE 21ª.- RECOÑECEMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS

BASE 22ª.- FACTURA ELECTRÓNICA

BASE 23ª.- XUSTIFICACIÓN DAS ORDES DE PAGAMENTO

BASE 24ª.- ORDES DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR

BASE 25ª.- ANTICIPOS DE CAIXA FIXA

BASE 26ª.- GASTOS DE CARÁCTER PLURIANUAL

CAPÍTULO 2º.- NORMAS REGULADORAS RELATIVAS AOS INGRESOS

BASE 27ª.- ACTOS DE XESTIÓN RELATIVOS AOS INGRESOS

BASE 28ª.- INGRESOS PROVINTES DE SUBVENCIÓNS E OUTROS

BASE 29ª.- OPERACIÓNS DE TESOURERÍA

CAPÍTULO 3º.- CONTABILIDADE

BASE 30ª.- TRATAMENTO INFORMÁTICO DOS LIBROS DE CONTABILIDADE

BASE 31ª.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

BASE 32ª.- REMANENTE DE TESOURARIA

BASE 33ª.- APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DAS DÉBEDAS

BASE 34ª.- MODIFICACIÓN DE DEREITOS E OBRIGAS DE EXERCICIOS PECHADOS

BASE 35ª.- CRITERIOS PARA DETERMINAR A AMORTIZACIÓN DOS ELEMENTOS DO INMOBILIZADO.

TÍTULO IV.- OUTRA INFORMACIÓN CONTABLE

CAPÍTULO 1º.- NORMAS XERAIS

BASE 36ª.- INFORMACIÓN PERIÓDICA PARA O PLENO DA CORPORACIÓN

BASE 37ª.- CONTIDO DA INFORMACIÓN

BASE 38ª.- PERIODICIDADE

CAPÍTULO 2º.- AVANCE DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRENTE

BASE 39ª.- NORMAS XERAIS

BASE 40ª.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO REFERIDA A SEIS MESES DO EXERCICIO

BASE 41ª.- ESTIMACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO REFERIDA A 31 DE DECEMBRO

TÍTULO V.- GASTOS DE PERSOAL

CAPÍTULO 1º.- NORMAS XERAIS

BASE 42ª.- INCREMENTO DE RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL

BASE 43ª.- PRODUTIVIDADE, GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS POR TRABALLOS FÓRA DA XORNADA LABORAL E OUTRAS

BASE 44ª.- COMPLEMENTOS DE ANTIGÜIDADE (TRIENIOS)

BASE 45ª.- NÓMINAS

BASE 46ª.- ANTICIPOS REINTEGRABLES A FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL

CAPÍTULO 2º.- OUTRAS RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN, PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL.

BASE 47ª.- GASTOS DE LOCOMOCIÓN, AXUDAS DE CUSTOS E INDEMNIZACIÓNS

CAPÍTULO 3º.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL E FUNCIONARIOS INTERINOS

BASE 48ª.- PERSOAL TEMPORAL PARA SUBSTITUCIÓNS E CONTRATACIÓNS TEMPORAIS DE PERSOAL LABORAL

BASE 49ª.- NOMEAMENTO FUNCIONARIOS INTERINOS PARA EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE CARÁCTER TEMPORAL OU ACUMULACIÓN DE TAREFAS

TÍTULO VI.- CONTRATACIÓN DE OBRAS, SUBMINISTROS E SERVIZOS

CAPÍTULO ÚNICO.- NORMAS XERAIS

BASE 50ª.- REGLAS ESPECIAIS DE CONTRATACIÓN. CONTRATOS MENORES

TÍTULO VII.- SUBVENCÍONS

CAPÍTULO 1º.- NORMAS XERAIS

BASE 51ª.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

BASE 52ª.- SUBVENCÍONS NOMINATIVAS

BASE 53ª.- COMPETENCIA

BASE 54ª.- XUSTIFICACIÓN DO EMPREGO DAS ASIGNACÍONS A GRUPOS

POLITICOS MUNICIPAIS

CAPÍTULO 2º.- PREMIOS

BASE 55ª.- PREMIOS

TÍTULO VIII_ FUNCIÓN DE CONTROL INTERNO

CAPÍTULO ÚNICO

BASE 56ª.-CONTROL INTERNO

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2025

TITULO I.- NORMAS XERAIS

CAPITULO ÚNICO.- NATUREZA DAS BASES E ÁMBITO DE APLICACIÓN

BASE 1ª.- NORMAS LEGAIS E REGULAMENTARIAS

A aprobación, execución e liquidación do orzamento, así como o desenvolvemento da xestión económica e a súa fiscalización levarase a cabo mediante o cumprimento das normas legais, regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral, que regulan a actividade económica das corporacións locais, e polas presentes BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO, redactadas conforme ao artigo 165 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, e artigo 9.1 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril.

BASE 2ª.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

Conforme ao establecido no artigo 9.1 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, estas bases só estarán en vigor durante a vixencia do orzamento correspondente ao exercicio 2023 e, no seu caso, durante a súa prorroga.

BASE 3ª.- INTERPRETACIÓN

As dúbidas que xurdan na aplicación destas bases serán resoltas pola presidencia, logo do informe da secretaría ou da intervención, segundo proceda.

TITULO II.- O ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2023 E AS SÚAS MODIFICACÍONS

CAPÍTULO 1º.- ESTRUCTURA ORZAMENTARIA

BASE 4ª.- ESTRUCTURA ORZAMENTARIA

Para a confección do Orzamento aplícase a estrutura orzamentaria das entidades locais aprobada por ORDE EHA/3565/2008 (BOE núm. 297 de 10.12.2008), modificada pola ORDE HAP/419/2014 (BOE núm. 67 do 19.03.2014).

Os créditos incluídos no estado de gastos do orzamento presentanse coa seguinte desagregación:

Clasificación por programas, con catro niveis: áreas de gasto, políticas de gasto, grupos de programas e subgrupos de programa.

Clasificación económica, con catro niveis: capítulo, artigo, concepto e subconcepto.

A aplicación orzamentaria cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario vén definida pola conxunción das dúas clasificacións: por programas e económica.

O rexisto contable dos créditos, das súas modificacións e das operacións de execución do gasto, realizarase sobre a aplicación orzamentaria antes definida.

As previsións incluídas no estado de ingresos do orzamento clasifícanse por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos, segundo se detalla na estrutura económica de ingresos da dita orde ministerial.

CAPÍTULO 2º.- OS CRÉDITOS E AS PREVISIÓNS INICIAIS E A PRÓRROGA DO ORZAMENTO

BASE 5ª.- DOCUMENTACIÓN ORZAMENTARIA

O expediente formado para a tramitación do orzamento do Concello de Arzúa conterá a seguinte documentación:

- Memoria da presidencia
- Informe da intervención xeral
- Informe económico-financeiro
- Estado de ingresos e gastos
- Anexo de persoal
- Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da de corrente
- Anexo de investimentos
 - Estado da débeda
 - Anexo de beneficios fiscais en tributos locais.
 - Anexo de convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social.

BASE 6ª.- CRÉDITOS E PREVISIÓNS INICIAIS

Para a execución dos programas integrados no estado de gastos do orzamento para o ano 2023 aprobanse créditos por importe de 7.386.000 €.

No estado de ingresos recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevé liquidar durante o exercicio orzamentario a nivel de subconcepto, e estimanse tamén en 7.386.000 €

BASE 7ª.- FINANCIACIÓN DOS CRÉDITOS DO ORZAMENTO

Os créditos que ascenden a 7.386.000 €, e financiaranse cos seguintes recursos (segundo as estimacións do proxecto de orzamento):

- a) Cos dereitos económicos que se liquiden durante o exercicio, que se detallan no estado de ingresos (Capítulos: I, II, III, V, VI, e VIII).
- b) Polas transferencias correntes que se especifican no estado de ingresos do orzamento.
- c) Coas transferencias de capital que se recollen no estado de ingresos do orzamento.

BASE 8ª.- PRÓRROGA DO ORZAMENTO MUNICIPAL

Se ao iniciarse o exercicio económico seguinte, aínda non tivese entrado en vigor o orzamento xeral correspondente ao citado exercicio, considerarase automaticamente prorrogado o do ano actual ata o límite dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará aos créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos que deban concluír no exercicio anterior ou que se financien con operacións crediticias ou outros ingresos específicos ou afectados que, exclusivamente, se percibiran no dito exercicio.

A determinación das correspondentes aplicacións do Orzamento Municipal de 2023 que non son susceptibles de prórroga establecerase mediante resolución motivada da Presidencia e logo do informe de Intervención. Do mesmo xeito, poderase acumular na forma prevista nos artigos 47 e 48 do Real decreto 500/1990.

Delégase na Presidencia a declaración de créditos non dispoñibles coa exclusiva finalidade de axustar os créditos iniciais do Orzamento prorrogado ás previsións contempladas no Proxecto de Orzamento pendente de aprobación.

Mentres dure a vixencia da prórroga poderán aprobarse as modificacións previstas pola lei.

Logo de aprobarse o orzamento, efectuaranse os axustes precisos para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do orzamento prorrogado.

Polo que se refire aos ingresos , prorrogaranse íntegramente as previsións iniciais do estado de ingresos, dacordo coa consulta nº 10/93 da IGAE, aínda que a efectos de avaliación do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria se practique axuste á baixa nos ingresos polos importes previstos no orzamento prorrogado que non se vaian a percibir.

En referencia as subvencións, prorrogaranse os créditos iniciais, tanto para liñas de axudas para concurrencia, como para subvencións nominativas, pero a efectividade das axudas nominativas, requirirá dun previo acordo de Pleno, de modificación da base de execución do orzamento referida as axudas nominativas.

En referencia aos créditos de investimentos, indicar que se prorrogarán os consignados para actuacións de investimento sin determinación concreta no anexo de investimentos, financiados con recursos propios, e os importes de investimentos consignados para aportacións municipais (financiados con recursos propios), que sirvan para financiamento de proxectos da mesma natureza ou similares, ao abeiro de líneas de axudas que se reiteran ano tras ano.

CAPÍTULO 3º.- REXIME XERAL DOS CRÉDITOS E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

BASE 9ª.- NORMAS XERAIS

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal foron autorizados no orzamento ou nas súas modificacións debidamente aprobadas.

Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante, non podendo adquirirse compromisos de gasto en contía superior ao importe dos créditos, coa consecuencia da nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada limitación, conforme ao disposto nos artigos 173.5 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 25.2 do Decreto 500/1990 que a desenvolve.

O cumprimento das limitacións expresadas no parágrafo anterior verificarse ao nivel de vinculación xurídica que se sinala na base seguinte.

Con cargo aos créditos do estado de gastos só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Porén, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ao orzamento xeral.
- As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto previsto no artigo 47.5 do RD 500/1990, requirirase a incorporación previa dos créditos correspondentes.
- As obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, relativas ao recoñecemento extraxudicial de créditos.

Consideraranse incluídos nos créditos das aplicacións orzamentarias que cualitativamente correspondan do orzamento anual os importes dos compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, e así entre tanto non se liquide o exercicio e se verifique a posibilidade de incorporar remanentes de crédito procederase a imputar os ditos gastos contra os ditos créditos, sempre e cando o órgano competente así o determine, verificando que non exista perturbación por atender ao dito gasto no exercicio en curso, de xeito que se dé cumprimento aos prazos legais de pago para non incurrir en mora. Unha vez sexa posible a incorporación de remanentes procederase á reposición de crédito nas aplicacións orzamentarias que corresponda, procedendo a correxir a imputación orzamentaria do gasto contra os créditos iniciais , procedendo a imputación ao remanente de crédito incorporado finalmente con efectos de primeiros de ano.

BASE 10ª.- NIVEL DE VINCULACIÓN XURÍDICA DOS CRÉDITOS

Para o ano 2023, o nivel de vinculación xurídica dos créditos do orzamento municipal será o seguinte:

a) Norma Xeral:

- Clasificación por programas: áreas de gasto (un dígito).
- Clasificación económica : capítulo (un dígito).

b) Regra específica:

Os proxectos de gasto previstos no Orzamento e financiados con recursos afectados entenderanse vinculados en si mesmos a nivel cualitativo, o que supón que os citados créditos só poderán destinarse a financiar os gastos aos que estén destinados pero cuantitativamente poderán beneficiarse da bolsa de vinculación na que estén encadrados. Cando se trate de proxectos de gasto que se financien en parte ou na súa totalidade con recursos propios, e no caso de que os citados proxectos non se executen, a parte dos créditos de gasto, financiados con recursos propios entrarán a formar parte da bolsa de vinculación, previo informe da intervención . Os créditos dotados para pequenas inversións financiadas con recursos propios que non se consideren proxectos de gasto por non estar especificamente definidas no anexo de inversións do orzamento, tamén formarán parte da vinculación xurídica xenérica, así como os importes consignados no dito anexo para aportacións para as que aínda non conste concedida axuda específica, si finalmente a dita axuda non é concedida, ou non é necesario aportar a totalidade do crédito previsto.

- Aplicacións económicas correspondentes aos conceptos económicos 150 e 151 vincularán a nivel área de gasto e artículo entendendo que o Pleno fixa o importe global destes conceptos de gasto e das horas extraordinarias (130 01), pero permite que os importes destinados a un concepto ou a outro poidan variar respetando a cifra global. Dada a estrutura

orxamentaria sitúanse os créditos en diferentes grupos de programas en base a estimacións, pero como os ditos importes non poden estar preestablecidos e non xeneran ningún dereito, cabería transferir os créditos a diferentes grupos de programas según a avaliación do desempeño dos postos ou o incremento da xornada legal ou especificamente establecida na relación de postos de traballo, por necesidades de servizo, sendo sempre preferente o desfrute de días de descanso que o pago de gratificacións ou horas extraordinarias. Os importes que se apliquen aos ditos subconceptos de gastos que derivan da sinatura de convenios de colaboración en materia de persoal con outras administracións, que supoñen a realización de traballos retribuídos por estas Administracións e que se ingresan aos empregados municipais que realizan estas funcións, vincularán en sí mesmos, é dicir o importe do ingreso previsto e o gasto previsto deberá ser igual ao gasto en materia de persoal derivado da dita colaboración, considerándose a posibilidade de incrementar o importe previsto do gasto nas aplicacións, mediante xeración de crédito do compromiso de gasto que asume a Administración que solicita a colaboración en materia de persoal.

- Os gastos de acción social consignado no subconcepto económico 162.04, vincula en sí mesmo a nivel aplicación, pero poderá derivarse crédito dun grupo de programa a outro mediante expediente de modificación orxamentaria, pero o global de crédito debe ser respetado aos efectos de respetar as limitacións ao incremento da masa salarial.

- En referencia ás aplicacións referidas a subvencións, os importes establecidos como subvencións nominativas vinculan a nivel aplicación orxamentaria, sen embargo os créditos dotados para subvencións por libre concurrencia ou posible concesión directa vinculan conforme a regra xeral. De non ser concedida a totalidade da axuda nominativa, ou non ser ésta xustificada na súa totalidade, o crédito no importe da diferenza, pasará a formar parte da vinculación xurídica xenérica, así como poderá ser transferido a outras aplicacións.

As aplicacións orxamentarias que resulten da conxunción das clasificacións por área de gastos e económica establecidas na Orde EHA/3565/2008, modificada pola Orde HAP/419/2014, que non figuren expresamente no orzamento municipal aprobado polo Pleno, entenderanse con crédito “cero” e polo tanto poderán abrirse sempre e cando se verifique expresamente a existencia de saldo orxamentario no nivel de vinculación xurídica de créditos definido nesta base, todo elo dacordo coa consulta 8/95 da Intervención Xeral do Estado.

BASE 11ª.- CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se tramiten durante a vixencia do orzamento municipal ateranse ás normas establecidas no artigo 177 do texto refundido da reguladora das facendas locais e artigos 35 a 38 do Real decreto 500/1990, e as contempladas nesta base.

Cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado no orzamento, ordearase polo Alcalde a tramitación dos seguintes expedientes:

- a) De concesión de crédito extraordinario.
- b) De suplemento de crédito.

Estes expedientes poderanse financiar:

- Con cargo ao remanente líquido de tesouraría.
- Con novos ingresos non previstos.
- Con maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento.
- Con recursos procedentes de operacións de créditos para os gastos de investimento.
- Con baixas dos créditos de aplicacións de gastos non comprometidos, sempre que se estimen reducibles sen perturbacións do servizo.

Tramitación de expediente:

- Informe de intervención e dictame da comisión de facenda.
- Informe de estabilidade orxamentaria
 - Aprobación inicial polo pleno.
 - Exposición pública do expediente polo prazo de quince días, logo do anuncio no BOP
 - Aprobación definitiva polo Pleno no suposto de presentarse reclamacións, noutro caso o acordo aprobatorio inicial considerárase definitivo sen necesidade de acordo posterior.
 - Publicación do expediente resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia.
 - Simultaneamente ao envío do anuncio de publicación indicado no apartado anterior, remitírase copia á Comunidade Autónoma e a Administración do Estado.

BASE 12ª.- CRÉDITOS AMPLIABLES

Teñen a natureza de créditos ampliables os financiados con recursos expresamente afectados, excepto os procedentes de operacións de crédito, agás os de tesouraría, todo isto de conformidade co disposto no artigo 39.1 do Real decreto 500/1990.

As aplicacións do orzamento municipal de gastos que deseguido se relacionan teñen a consideración de ampliables:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DETALLE	RECURSOS AFECTADOS (Concepto de Ingresos)
161.227.95	Custo xestión indirecta servizo auga	310.00
931.225.02	Tributos pretación servizos tributarios	112
		113
		114
		115
		116
		130
		302.00
		392.11

Se no curso do exercicio se producira a necesidade de declarar ampliables determinadas aplicacións orzamentarias, modificaranse estas bases de execución incluíndo nesta base décimo segunda as ditas aplicacións orzamentarias cos recursos afectados que correspondan.

Se a dita inclusión se produce cos créditos anteriormente expostos, o procedemento para a tramitación e aprobación dos expedientes será o seguinte:

- 1º.- Os expedientes tramitaranse especificando os medios ou recursos que financien o maior gasto, acreditándose en todo caso o recoñecemento en firme dos dereitos sobre os previstos nos respectivos conceptos orzamentarios. Este extremo deberase acreditar mediante informe da Intervención.
- 2º.- A aprobación dos expedientes de ampliación de créditos, corresponderá ao alcalde-presidente.

BASE 13ª.- TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO

As Transferencias de crédito de cualquera clase estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

- a) Non afectarán aos créditos ampliables nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- b) Non poderán minorarse mediante transferencia os créditos que foran incrementados con suplementos ou transferencias de crédito, agás cando afecten a créditos de persoal, nin os incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados.
- c) Non se incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, foran obxecto de minoración, agás cando afecten a créditos de persoal.

As anteriores limitacións non afectarán ás transferencias de créditos que se refieren aos programas de imprevistos e funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de transferencias motivadas por reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno.

Os expedientes de transferencias de crédito serán informados pola intervención, a que certificará a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria que deba ceder crédito.

A aprobación dos expedientes de transferencia de créditos entre distintas áreas de gasto (antes grupos de función) corresponde ao Pleno do Concello agás cando as altas e baixas afecten a créditos de persoal. Na tramitación dos expedientes serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación do Orzamento, así como o réxime de recursos contenciosos-administrativos contra os citados orzamentos.

A aprobación dos demais expedientes de transferencias de crédito, logo do informe e certificación da existencia de crédito suficiente que emita a intervención, corresponderá ao alcalde-presidente.

Non terán a consideración legal de transferencias as alteracións de créditos entre aplicacións orzamentarias pertencentes a un mesmo nivel de vinculación xurídica.

Ao finalizar o exercicio, e aos efectos de dotar crédito para a tramitación de facturas que se teñan presentado por rexistro de entrada de documentos ou atender a outros gastos devengados, procederase a transferir crédito de aplicacións de gasto de persoal con crédito dispoñible, así como de investimentos financiados con recursos propios, que non se executaron ao rematar o exercicio, ás aplicacións de gasto ás que corresponda imputar as facturas/otros gastos. A dita modificación a realizar entre aplicacións da mesma área de gasto, acordarse no mesmo decreto no que se aproben as facturas/gastos a imputar ao orzamento.

BASE 14ª.- XERACIÓN DE CRÉDITOS

Poderán xerar crédito no estado de gastos do orzamento municipal, os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións:

- a) Aportacións ou compromisos firmes de aportacións de persoas físicas ou xurídicas para financiar gastos que pola súa natureza esteahn comprendidos nos fins e obxetivos dos mesmos.
- b) Alleamento de bens do Concello.

En ambos os supostos será requisito indispensable para que se xere o crédito que se produza o acto formal do compromiso firme de aportación ou do recoñecemento do dereito, extremos que deberán ser debidamente acreditados.

- c) Prestación de servizos.
- d) Reembolsos de préstamos.

Nos dous supostos anteriores o crédito xerarase no momento do recoñecemento do dereito, se ben, a dispoñibilidade dos ditos créditos estará condicionada á efectiva recadación dos dereitos.

Os expedientes de xeración de créditos aprobaranse polo alcalde-presidente, logo do informe de intervención no que se deixe constancia da:

- a) Correlación entre o ingreso e o crédito xerado.
- b) Os conceptos de ingreso onde se producira un ingreso ou compromiso non previsto no orzamento inicial ou que exceda da súa previsión inicial e contía.
- c) As aplicacións orzamentarias do estado de gastos e o crédito xerado como consecuencia dos ingresos afectados.

BASE 15ª.- INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO DO EXERCICIO ANTERIOR

Os remanentes de crédito estarán formados polos componentes seguintes:

- a) Os saldos de disposicións ou a diferenza entre gastos dispostos ou comprometidos e obrigas recoñecidas.
- b) Os saldos de autorizacións, ou diferenza entre os gastos autorizados e os gastos comprometidos.
- c) Os saldos de crédito constituídos pola suma dos créditos dispoñibles e créditos retidos pendentes de utilizar.

Os remanentes de crédito a efectos da súa posible incorporación ao exercicio seguinte, poderán atoparse nas seguintes situacións:

- a) Remanentes de crédito non incorporables.

En ningún caso serán incorporables os créditos declarados non dispoñibles nin os remanentes de créditos incorporados no exercicio que se liquida, agás aqueles que estiveran financiados con recursos afectados.

- b) Remanentes de crédito de incorporación voluntaria.

Poderán ser incorporados aos correspondentes créditos dos orzamentos de gastos do exercicio inmediato seguinte, os remanentes de crédito non utilizados procedentes de:

- 1.- Créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito que foran concedidos ou autorizados no último trimestre do exercicio.
- 2.- Créditos que amparen disposicións ou compromisos de gastos do exercicio anterior, aos que fai referencia o artigo 26.2.b) do Real decreto 500/1990.
- 3.- Créditos por operacións de capital.
- 4.- Os créditos autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.

- c) Remanentes de créditos de incorporación obrigatoria.

Os remanentes de crédito que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente ao exercicio seguinte, agás que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto, ou que se faga imposible a súa recadación.

A incorporación dos remanentes de crédito detallados nos parágrafos anteriores quedará subordinada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Os remanentes de crédito derivados de créditos extraordinarios, suplementos de créditos e transferencias de créditos concedidos ou autorizados no último trimestre, deberán ser aplicados para os mesmos gastos que motivaron en cada caso a súa concesión e autorización, e poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio orzamentario seguinte e quedarán subordinados á existencia de suficientes recursos financeiros.
- En relación cos créditos que amparen compromisos de gasto do exercicio anterior, os remanentes incorporados poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio orzamentario seguinte e deberán contar con suficientes recursos para o seu financiamento.
- Os créditos financiados con recursos afectados non serán de aplicación as regras de limitación no número de exercicios, pero deberán contar con suficientes recursos financeiros.

Aos efectos de incorporación de remanentes de crédito consideraranse recursos financeiros:

- a) O remanente líquido de tesouraría.
- b) Novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento.

No caso de incorporación de remanentes de crédito para gastos con financiación afectada consideraranse recursos financeiros suficientes:

- a) En primeiro lugar, os excesos de financiación e os compromisos firmes de aportación afectados aos remanentes que se pretende incorporar.
- b) No seu defecto, os recursos mencionados no parágrafo anterior.

As propostas de incorporación de remanentes requiren informe de intervención sobre a existencia de recursos suficientes para facer posible a incorporación de créditos.

As propostas de incorporación de remanentes de crédito terán en conta as prioridades seguintes:

- 1º.- Os recursos financeiros dispoñibles aplicaranse, en primeiro termo, á incorporación de remanentes de crédito que amparen proxectos de gastos financiados con ingresos afectados.
- 2º.- O exceso, se existira, destinarase a financiar a incorporación de remanentes de crédito que amparen disposicións ou compromisos de gasto de exercicios anteriores.
- 3º.- Os recursos financeiros que resulten tras as incorporacións expostas aplicaranse á incorporación dos restantes remanentes de crédito de carácter voluntario.

A aprobación dos citados expedientes, logo do informe de intervención, corresponderá en todo caso ao alcalde-presidente.

No suposto de incorporación de remanentes de crédito derivados de proxectos de gasto con financiamento afectado, que sexan financiados con excesos de financiamento ou compromisos firmes de aportación, poderán ser incorporados previamente a aprobación da liquidación, sempre e cando a Intervención poda verificar a existencia do dito financiamento afectado.

No suposto da existencia de remanentes de crédito de compromisos de gasto que deriven do exercicio anterior que sexan de incorporación potestativa, de ser posible legalmente a súa incorporación, o dito acordo poderá ser adoptado con posterioridade á imputación do dito gasto ao orzamento do exercicio en curso sendo a finalidade da devandita modificación repórter o crédito na aplicación orzamentaria correspondente.

No caso de efectuar incorporación de remanentes de carácter obrigatorio, referidos a proxectos de gasto con financiamento afectado, no suposto de existir baixas na adxudicación de contratos, que determinen un sobranche dos créditos incorporados, aos efectos de efectuar axustes nos proxectos, procederá a solicitarse aos servizos de soporte contable a corrección dos excesos de importes incorporados que desvirtúan os coeficientes de financiamento ou a contabilizar as incorporacións de remanente negativas, polos importes dos excesos, ao peche do exercicio, sin necesidade de acordo previo.

BASE 16ª.- BAIXAS POR ANULACIÓN

Poderán darse de baixa por anulación calquera crédito do orzamento de gasto ata a contía correspondente ao saldo de crédito sempre que esa dotación se estime reducible ou anulable sen perturbación do respectivo servizo.

Poderán dar orixe a unha baixa de créditos:

- a) A financiación de remanentes de tesouraría negativos.
- b) A limitación da dispoñibilidade de créditos.

Para a tramitación de expedientes de baixa de anulación observaranse os seguintes requisitos:

- Iniciación do expediente polo alcalde-presidente ou polo Pleno
- Informe do órgano interventor
- Ditame da Comisión informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas.

Corresponderá ao Pleno do Concello a aprobación das baixas por anulación dos créditos incluídos no orzamento municipal.

Cando as baixas de créditos se destinan a financiar suplementos ou créditos extraordinarios, formarán parte do expediente que se tramite para a aprobación daqueles, sendo a súa tramitación a establecida para créditos extraordinarios e suplementos de créditos.

BASE 17ª.- MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS

Cando por modificacións de crédito ou outras circunstancias previstas nestas bases de execución, se produzan modificacións no anexo de investimentos, a competencia para a modificación de dito documento corresponderá ao:

- Pleno da Corporación, cando sexa consecuencia da aprobación de modificacións de crédito da súa competencia. A aprobación será simultánea á da modificación.
- Alcalde-presidente, no resto dos casos.

TÍTULO III.- EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL

CAPÍTULO 1º.- NORMAS XERAIS SOBRE EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN

BASE 18ª.- FASES NA XESTIÓN DO ESTADO DE GASTOS

A xestión dos créditos incluídos no estado de gastos do Orzamento do Concello realizarase nas seguintes fases:

- a) Autorización e compromiso do gasto.
- b) Disposición ou compromiso do gasto.
- c) Recoñecementos e liquidación da obriga.
- d) Ordenación do pagamento.
- e) Pagamento

As ditas fases terán o carácter e contidos definidos nos artigos 54 a 61 do Real decreto 500/1990.

BASE 19ª.- ACUMULACIÓN DE FASES

1.- Conforme aos artigos 184.2 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e 67 a 68 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, poderanse acumular varias fases na xestión do gasto nun só acto administrativo.

Poderanse presentar, polo tanto, as seguintes fases:

Retención do crédito, que constituirá en todo caso, un acto independente (RC).

Autorización-Disposición (AD). Cando no inicio do expediente de gasto se coñeza a súa contía exacta e o nome do preceptor acumularanse as fases de autorización e disposición, tramitándose o documento contable «AD», que poderá ser substituído polo acordo consecuente e a súa toma de razón en contabilidade.

Autorización-Disposición-Recoñecemento da Obriga (ADO).

O acto administrativo que acumule dúas ou máis fases producirá os mesmos efectos que se as ditas fases se acordaran en actos administrativos separados. En calquera caso, o órgano ou autoridade que adopte o acordo deberá ter competencia, para acordar todas e cada unha das fases nas que aquel se inclúan.

2.- Poderán acumularse nun só acto os gastos ordinarios de pequena contía (ADO), e os que se efectúen a través de anticipos de caixa fixa e a xustificar.

- Os de axudas de custos, gastos de locomoción, indemnizacións, asistencias e retribucións dos membros corporativos e persoal de toda clase cuxas prazas figuren no cadro de persoal aprobado conxuntamente co Orzamento, mentras non sexa posible a contabilización dos gastos da nómina directamente dende o aplicativo de confección da nómina, coa referencia a unha fase previa de gasto, tal e como correspondería. A estos efectos, e para garantía da existencia do crédito necesario para a atención do gasto de persoal que deriva da relación laboral dos diferentes empregados/cargos electos, pecharase a vinculación xurídica dos créditos destinados a este fin, ou reservarse crédito nos proxectos de gasto aos que se vincule o dito persoal.

- Xuros de mora e outros gastos financeiros, e outros gastos de contratación que non contén, aínda que deberan com adecuada tramitación da contratación do servizo/subministro ou prestación, que determinaría a existencia dunha fase previa de aprobación do gasto, do que se deixará constancia no informe da Intervención Municipal.

- Anticipos reintegrables ao persoal.

-Anuncios nos diarios oficias, taxas esixidas por outras Administracións , cargos por servizos do Estado e gastos que veñan impostos pola lexislación estatal ou autonómica.

BASE 20ª.- AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS

Con cargo aos créditos do estado de gastos do orzamento do Concello, a autorización e disposición dos mesmos corresponde aos órganos sinalados nas delegacións de competencias establecidas no acordo plenario do 29/07/2019, así como nas establecidas no Decreto de alcaldía nº 496 do 19/07/2019, do cal se deu conta ao pleno na mesma sesión do 29/07/2019, así como as modificacións posteriores mediante resolución de alcaldía n.º 176/2022 de data 18/02/2022, ao que se lle deu publicidade no BOP da Provincia de data 24 de Febreiro de 2022

BASE 21ª.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS

Con cargo aos créditos do estado de gastos do orzamento do Concello, o recoñecemento e liquidación de obrigas corresponde aos órganos sinalados nas delegacións de competencias establecidas no acordo plenario do 29/07/2019, así como nas establecidas no Decreto de alcaldía nº 496 do 19/07/2019, do cal se deu conta ao pleno na mesma sesión do 29/07/2019, así como as modificacións posteriores mediante resolución de alcaldía n.º 176/2022 de data 18/02/2022, ao que se lle deu publicidade no BOP da Provincia de data 24 de Febreiro de 2022

Son documentos suficientes para o recoñecemento da obriga:

1.- Para os gastos de persoal:

- a) As retribucións básicas e complementarias do persoal funcionario e laboral, dos cargos con adicación e do persoal eventual ou de confianza política, xustificaranse mediante as nóminas mensuais.
- b) As cotas á Seguridade Social xustificaranse coas correspondentes liquidacións.
- c) As gratificacións por servizos extraordinarios do persoal funcionario e laboral xustificaranse mediante parte xustificativo dos traballos e horas de servizo fora da xornada normal asinado polo xefe de servizo e/ou alcalde-presidente.
- c) O complemento de produtividade do persoal funcionario e laboral xustificaranse mediante decreto do alcalde-presidente, logo do informe do Servizo correspondente, no que se acredite que se prestaron os servizos especiais ou que procede aboar cantidade polo concepto de produtividade, de acordo coa súa normativa reguladora, ou acordos específicos adoptados polo Pleno Municipal.

2.- Para o recoñecemento de obrigas correspondentes a compras, servizos, inversións etc, esixirase a presentación de factura.

As facturas expedidas polos contratistas, presentaranse nun rexistro administrativo. Dendo o rexistro administrativo remitirase a factura á oficina contable aos efectos da súa anotación no rexistro de contabilidade.

As facturas conterán como mínimo os requisitos establecidos nos artigos 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

As facturas que omitan un ou varios dos requisitos citados, e que impida a súa normal tramitación, serán devoltas para a súa emenda.

Logo de recibirse as facturas no rexistro e proceder a súa anotación no rexistro contable de facturas, e tras comprobar os extremos anteriores, solicitarase a súa conformidade. Estableceranse circuitos de conformidade de dobre sinatura, sempre que sexa posible, e nos que primeiro asinará un empregado do departamento/servizo relacionado co gasto realizado e/ou responsable do contrato, e nun segundo lugar o alcalde-presidente ou á Concelleira con delegación especial para contratacións menores de obras servizos e subministros, con sinatura da conformidade das correspondentes facturas en materia de turismo, alumeado público, limpeza viaria, accesos a núcleos e pavimentación , parques públicos e edificios públicos. Igualmente establécese un circuito de conformidade no que asinaran a concelleira delegada en materia de facenda, contratación, turismo, deporte e promoción económica ou a Concelleira con delegación especial ou Alcaldía, no suposto de que non exista ningún empregado que a poida acreditar. A conformidade das facturas implica que o servizo/obra ou a subministración se realizou correctamente e conforme ao pactado, e polo tanto sendo requerida a dita conformidade como trámite esencial na fase de intervención da comprobación material.

Especificamente para os gastos de investimento, indicar que se acreditará mediante a presentación por parte do director de obra/directores de obra da certificación das obras realizadas. As certificacións de obras, como documentos económicos que reflexan o gasto orixinado pola execución das obras en determinado período, deberán xustificarse mediante as relacións valoradas en que se fundamenten, que terán a mesma estrutura que o orzamento da obra, e expresarán, mediante símbolos numéricos ou alfabéticos, a correspondencia entre as partidas reflexadas nun e noutro documento. De existir desviacións con respecto ao proxectado, deberá emitirse informe referido ao carácter non esencial/non substancial das variacións, de non ser tramitado expediente de modificación de contrato, por non ser necesaria a modificación do proxecto.

En referencia a obras de menor contía, de ter unha certa relevancia ou complexidade, será requerida conformidade ao técnico municipal/técnico que preste servizos de asistencia en referencia a adecuación dos traballos realizados en relación aos traballos orzamentados e en relación aos traballos facturados, tras cursar visita a obra, podendo emitir informe anexo a dita conformidade.

Igualmente na recepción de obras de maior embargadura aos efectos de comprobación material das mesmas; realización adecuada dos traballos proxectados e certificados, deberá asistir a recepción o técnico municipal (sempre que non sexa director facultativo da dita obra de de ser de importe superior ao da contratación menor) ou técnicos da Deputación Provincial en servizo de Asistencia a Municipios en delegación do órgano interventor. Cando non sexa posible a asistencia de ditos técnicos en delegación de funcións, demandarase a súa asistencia en funcións de asesoramento e apoio ao órgano interventor . A sinatura da acta de recepción esixirase nas obras de importe superior à contratación menor e ratifica a realidade da execución no que resulta visible nesa data, poderá ser emitido informe polos técnicos asistentes en referencia a dita obra, complementario à sinatura da acta de recepción. Isto resulta esencial para entender efectuado o trámite de intervención material. Acompañaranse fotografías sempre que sexa posible.

A simple prestación dun servizo ou realización dunha obra, non é título suficiente para que a entidade se recoñeza debedora por tal concepto, se aqueles non foron requeridos ou solicitados pola autoridade ou órgano competente.

Tras conformarse as facturas, trasladaránse ao departamento de intervención, propoñendo a súa aprobación, a efectos de emitir o informe de fiscalización previa a adopción do acordo de aprobación e unha vez aprobadas, remitirase o acordo para proceder á contabilización.

Aos efectos do rexistro, aprobación e posterior contabilización das facturas; cando pola técnica do redondeo exista unha diferenza non superior aos cinco céntimos entre o importe facturado e o importe correcto, na aplicación dos principios de eficacia administrativa e importancia relativa, procederase ao seu rexistro contable polo importe correcto obviando a dita diferenza. Se esta diferenza supera a cantidade indicada, devolveranse ao terceiro para a súa subsanación.

De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, transcorrido un mes dende que as facturas ou documentos xustificativos emitidos polos contratistas foron anotadas no rexistro de facturas sen que se procedese polo órgano xestor a tramitar o recoñecemento da obriga, a intervención requirirá a dito órgano para que xustifique por escrito a falta de tramitación do expediente, aos efectos de dar cumprimento a dita obriga, a intervención no momento de efectuar os informes de fiscalización previa a proposta de recoñecemento e aprobación de facturas, dará conta das facturas pendentes de recoñecemento que foran presentadas con anterioridade ás tramitadas, que servirá de requirimento para que sexan tramitadas ou se emita explicación sobre porque non se procede a súa tramitación, e dará conta tamén das principais incidencias habidas na presentación de facturas electrónicas. Asimismo a intervención incorporará ao informe trimestral a que se refire o artigo 4, unha relación das facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro sen que se procedese ao recoñecemento da obriga. O pleno publicará un informe agregado da relación das facturas e documentos que se lle presentasen agrupandos segundo o seu estado, no prazo de 15 días dende o seu coñecemento.

3.- Os gastos por premios e similares, co acordo de aprobación destes pola Alcaldía, ó que se unirá copia da acta asinada polos membros do tribunal do concurso.

4.- Os gastos por subvencións, xustificaranse de acordo co establecido nas presentes Bases así como nas bases propias aprobadas para cada caso, sempre segundo o establecido na lexislación aplicable en materia de subvencións.

5.- O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá por regra xeral ó Pleno da Corporación, pois aínda que no expediente se acredite a existencia de crédito dispoñible suficiente nas aplicacións orzamentarias para facer fronte ás obrigas derivadas de tal recoñecemento extraxudicial, a determinación da adecuación do mesmo corresponde en todo caso ó Pleno da Corporación, como órgano competente que aproba o orzamento xeral no que se contemplan os créditos necesarios para facer fronte as obrigas do exercicio corrente, polo que a imputación de gastos de exercicios anteriores ós créditos do exercicio corrente debe ser aprobada polo Pleno. A excepción a esta regra xeral constitúea a dotación de aplicacións orzamentarias consignadas especificamente para este fin, e que así se reflitan en documentación anexa do proxecto de orzamento.

As facturas correspondentes a facturas emitidas no último mes do ano anterior e recibidas no rexistro de entrada do concello nos primeiros días do ano seguinte, serán imputadas ós créditos do exercicio como gasto corrente, sen necesidade de máis trámite, sempre que non se detecte unha tardanza na emisión superior a establecida no regulamento de facturación.

Non terán a consideración de recoñecementos extraxudiciais de crédito aqueles gastos realizados no exercicio económico anterior cando no orzamento dese exercicio existise crédito comprometido para a súa realización.

Será requisito que exista crédito adecuado á natureza do gasto no orzamento do exercicio en curso, para poder aprobar os gastos que deriven do recoñecemento extraxudicial de crédito, determinándose pola alcaldía que a dita aplicación ao orzamento non suporá perturbación nos servizos e subministros que se deban imputar ao exercicio. No caso de subministros que facturan con desfase de algúns meses (electricidade, combustible.....), o recoñecemento correspóndelle ao Alcalde, sempre que a factura fose presentada no exercicio en curso e se emitise nos prazos de emisión de facturas establecido no regulamento de facturación.

Entrado en vigor o RD 424/2017 de 28 de Abril (1 de xullo de 2018), conforme se establece no artigo 20 da dita norma, en supostos de contrato menor, quen participe como responsable dun gasto, ou o xefe do centro, dependencia a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións , deberá conformar a factura (equivaldrá a acta de conformidade (segundo un ou outro caso).

Conforme se establece na disposición adicional terceira da Lei 9/2017 de 8 de novembro (procédese a súa transcripción) , interpretada conforme o artigo 20 do RD 424/2017, será requisito nos gastos que deriven de contratos

“El órgano interventor asistirá a la recepción material de todos los contratos, excepto los contratos menores, en ejercicio de la función de fiscalización material de las inversiones que exige el artículo 214.2.d) del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales. Podrá estar asistido en la recepción por un técnico especializado en el objeto del contrato, que deberá ser diferente del director de obra y del responsable del contrato. Los servicios de asistencia de las Diputaciones Provinciales asistirán a los pequeños Municipios a estos efectos y los demás previstos en la Ley.”

A estos efectos ao non contar o órgano interventor, con medios persoais con coñecementos técnicos específicos, adheridos a dito servizo, para ditas comprobacións, deberá delegarse nos técnicos/traballadores municipais tendo en conta a materia para efectuar as ditas comprobacións elixindo ao empregado con formación específica e coñecementos, que serán os que suscribirán as actas de recepción ou emitirán informe complementario de observacións (posibilidade de delegación prevista no artigo 20 do RD 424/2017) , adxuntarán reportaxe fotográfica sempre que sexa posible xunto co informe que emitan, para que figure proba da realidade formal no expediente. Non será posible a verificación material, cando polo seu obxecto non sexa unha realidade física, tanxible ou suceptible de constatación material. Aos efectos da asistencia a dito acto será necesario preaviso coa antelación fixada nas normas (20 días). A comprobación a efectuar referirase ao perceptible visualmente, no suposto de que exista obra o actuación oculta, a estos efectos a relación valorada que acompaña a certificación de obra asinada polo designado como técnico facultativo será o efectivamente responsable das ditas comprobacións, a estos efectos previamente a finalización da obra, poderase solicitar comprobación das partes que vaian a quedar ocultas.

Aos efectos de poñer en marcha un sistema áxil de conformidade de facturas, poñerase en marcha no aplicativo FIRMA-DOC como xestor documental do programa contable e para a tramitación da conformidade das facturas, o establecemento de circuitos de conformidade electrónicos.

BASE 22ª.- FACTURA ELECTRÓNICA

Estarán obrigados a facturar electrónicamente e presentar a factura a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas todos os provedores que entregasen bens ou prestasen servizos ao Concello de Arzúa e que se correspondan coas entidades ás que fai referencia o apartado primeiro do artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

BASE 23ª.- XUSTIFICACIÓN DAS ORDES DE PAGAMENTO

Non poderán expedirse ordes de pagamento sen que se acredite previa e documentalmente ante o órgano competente para recoñecer obrigas, a realización da prestación ou o dereito do acreedor de conformidade coas resolucións aprobatorias da autorización e compromiso do gasto.

Os pagamentos serán os que correspondan a obrigas previamente recoñecidas, tendo prioridade os relativos a xuros e capital da débeda financeira, ao persoal e os referidos a obrigas procedentes de exercicios anteriores; acomodándose ao plan de distribución de fondos que ao efecto estableza a Presidencia.

Mediante decreto de ordenación de pagamentos (correspóndelle ao Alcalde) materializaranse as ordes de pagamento, que se expresarán en relacións contables nas que se farán consta-la identificación do acreedor e a aplicación orzamentaria correspondente.

O acto administrativo da ordenación materializarase, con carácter xeral, en relacións contables. A Intervención formal do pagamento efectuarase sobre propostas de mandamentos de pago, a ordenación do pagamento poderá acordarse xunto co recoñecemento da obriga, o pagamento efectivo realizarse sempre que exista liquidez suficiente para elo, tendo en conta o plans de pagamentos que se establezan en base as previsións de Tesoureiría.

No suposto dos contratos nos que se efectúen pagos anticipados deberá terse en conta o requerido polo artigo 198 da Lei 9/2017 de contratos do sector público no que se establece o seguinte;

“ El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

En los casos en que el importe acumulado de los abonos a cuenta sea igual o superior con motivo del siguiente pago al 90 por ciento del precio del contrato incluidas, en su caso, las modificaciones aprobadas, al expediente de pago que se tramite habrá de acompañarse, cuando resulte preceptiva, la comunicación efectuada a la Intervención correspondiente para su eventual asistencia a la recepción en el ejercicio de sus funciones de comprobación material de la inversión.”

Cesión de dereitos de cobro:

Requisitos para efectuar unha cesión dos dereitos de cobro de certificacións e facturas

1.- Cando o acreedor directo pretenda ceder ou endosar a un terceiro o dereito de cobro que ostenta contra a administración, deberán cumprirse os requisitos seguintes:

a) Que se teña aprobado o recoñecemento da obrigación a prol do cedente.

b) Comunicación fidedigna efectuada polo acreedor á administración municipal, que só se acreditará coa toma de razón do interventor, alcalde e tesoureiro no documento de cesión que se adxunta como anexo no que se faga referencia a factura/certificación de crédito que pretende endosarse, debendo exhibirse e adxuntarse neste acto o poder suficiente co que actúa o cedente que deberá ser bastantado polos servizos xurídicos.

c) Cedente e cesionario terán que estar identificados cos datos seguintes:

- Nome e apelidos, NIF ou CIF.
- Enderezo.
- Número de oficina, no caso de entidades financeiras.
- Nome e apelidos, DNI ou NIF, no caso de representante ou apoderado e documentación acreditativa do poder para aceptar o endoso.

d) No documento de cesión farase constar o número de conta corrente, con tódolos díxitos, na que o cesionario desexe recibila transferencia polo importe da certificación ou factura obxecto da cesión, incorporando certificación bancaria da mesma.

2.- Aceptaranse cesións a priori dos créditos que deriven dun contrato administrativo, facendo constar na toma de razón que o dereito ao cobro non nacerá ata que se execute adecuadamente o contrato e se recoñezan as ditas obrigas (salvo buen fin). A documentación a aportar será a indicada no apartado anterior, salvo que na comunicación fidedigna farase referencia ao contrato do que se pretende ceder os dereitos de crédito que deriven a favor do cedente.

3.- Non poderán cederse créditos cando exista comunicación de embargo de créditos ao dito terceiro adxudicatario do contrato, nin tampouco poderán cederse aqueles importes que segundo normativa municipal se compensan para facerse cobro da obriga do contratista de sufragar determinados gastos que derivan do contrato (taxas, penalidades ou outros gastos que recaen sobre éste).

4.- Cumpridos todos os trámites e requisitos sinalados nestas normas, a orde de pago da certificación ou da factura cedida debe de ser expedida a favor do cesionario, con indicación do nome do cedente.

5.- Tanto cedente como cesionario deberán acreditar non ter débedas en executiva coas Administracións con potestades tributarias e coa Seguridade Social, o que acreditarán coa presentación dos certificados negativos expedidos polas diferentes Administracións (AEAT, Facenda Autonómica, Seguridade Social e entidade local).

BASE 24ª.- ORDES DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR

Non se poderán expedir ordes de pagamento a xustificar sen a xustificación debida da obriga a que á se refire.

Non obstante, con carácter excepcional, poderán expedirse ordes de pagamento “a xustificar” en cuxo caso deberanse axustar ás seguintes normas:

- 1ª.- O importe a xustificar non sobrepasará a cantidade de 2500 € (dous mil cincocentos euros)
- 2ª.- A expedición e execución das ordes de pagamento “a xustificar” deberá efectuarse en base á resolución da autoridade competente para autorizar o gasto a que se refiren, aportándose informes sobre as circunstancias polas que non se poden unir os documentos xustificativos antes da orde de pagamento e informe da intervención ao respecto.
- 3ª.- Os fondos librados “a xustificar” deberán situarse, a disposición da persoa autorizada, en conta corrente bancaria aberta ao efecto ou en efectivo, ou mediante entrega de cheque nominativo.
- 4ª.- Os conceptos orzamentarios susceptibles do libramento de fondos co carácter de “a xustificar”, limítanse aos contidos no Capítulo II e IV da clasificación económica do orzamento de gastos seguinte:
 - a) Subministracións menores
 - b) Para o pagamento de reservas de espazo, comidas de carácter oficial, e outros derivados de asistencia a certámes feirais e actos de participación veciñal.
 - c) Para o pagamento de gastos menores relativos a cursos, talleres, etc.
 - d) Para a entrega de premios.
- 5ª.- A xustificación das Ordes de pagamento expedidas con carácter de “a xustificar” deberá efectuarse no prazo de 3 meses dende a súa expedición e, en todo caso, antes de que finalice o exercicio orzamentario.
- 6ª.- Os pagamentos que realicen os perceptores de fondos a xustificar aos acreedores finais deberán rexistrarse cando se produzan, antes da elaboración da conta xustificativa. O rexistro de todos os pagamentos efectuarase antes do 31 de Decembro.

Os perceptores de fondos librados “a xustificar” deberán rendir ante a intervención conta xustificativa dos ditos gastos acompañando facturas e documentos xustificativos. A citada conta coa súa documentación e o informe da Intervención someterase á aprobación do ordenador de pagamentos. A aprobación da conta supón a imputación económica dos gastos realizados. Cando non se xustifique a totalidade dos fondos percibidos procederase ao reintegro dos percibidos en exceso, acompañando á dita conta a xustificación do ingreso efectuado.

De non renderse a conta nos prazos establecidos nesta base, procederase a instruír un expediente de alcance contra o perceptor dos ditos fondos, de conformidade co disposto ao efecto na Lei xeral orzamentaria. Do mesmo xeito, procederase contra os perceptores de fondos librados “a xustificar” polas cantidades non xustificadas nin reintegradas nos prazos establecidos.

- 7ª.- Só se poderán expedir ordes de pagamento “a xustificar” cando o perceptor non teña pendente de xustificar fondos librados con este carácter e polo mesmo concepto orzamentario.

Para o seu seguimento contable estarase ao disposto na Instrución do modelo normal de Contabilidade Local (HAP/1781 /2013, do 20 de setembro).

BASE 25ª.- ANTICIPOS DE CAIXA FIXA

Os fondos librados “a xustificar” co carácter de anticipos de caixa fixa regularanse polas seguintes normas:

1ª) Ámbito:

Terán a consideración de anticipos de caixa fixa as provisións de fondos de carácter non orzamentario e permanente para atencións de gastos correntes de carácter periódico ou repetitivo como material de oficina non inventariable, subministración de produtos perecedeiros como alimentación, combustible, material funxible; servizos de mantemento de edificios, instalacións e calquera outro de natureza similar que sexa imputable ao capítulo II do Orzamento de Gastos.

2ª) Situación dos Fondos:

Para situar os fondos correspondentes a cada centro como Anticipo de Caixa Fixa, procederase a apertura dunha conta corrente nunha entidade bancaria, individualizada por centro, co título “Concello de Arzúa. Centro X. Anticipo de Caixa Fixa”.

Os fondos situados en tales contas terán a todo os efectos carácter de fondos públicos municipais e os seus xuros ingresaranse nos conceptos do capítulo 5 do Orzamento de ingresos do Concello.

3ª) Disposición dos Fondos:

A disposición de fondos das contas a que se refire o apartado anterior efectuarase mediante transferencias bancarias, autorizadas pola sinatura do director ou responsable do centro ou servizo ou, en defecto dos ditos cargos, das persoas designadas ao efecto mediante resolución de alcaldía.

Para aquelas situacións nas que teñan que efectuarse pagamentos en efectivos (mercados, pequenas adquisicións ocasionais e outras similares) poderase dispor de fondos mediante cheque nominativo a un dos titulares da conta, que será responsable da custodia e xustificación dos mesmos.

Os pagamentos que os preceptores destes fondos realicen aos acredores finais rexistraranse cando se produzan, antes da correspondente conta xustificativa.

4ª) Control:

Mensualmente e acompañando a conta do período respectivo, xuntarase o estado demostrativo do movemento da conta bancaria e do saldo da mesma.

En calquera momento, a intervención poderá solicitar os estados de situación das mencionadas contas con carácter extraordinario e referidos a datas concretas.

5ª) Xustificación:

Os centros ou servizos seguirán remitindo co periodicidade mensual, as contas de gastos do período, achegando o sinalado na norma 4ª.

Ditas contas seguirán a súa tramitación ordinaria, dando lugar ás correspondientes ordes de pagamento polas cantidades as que ascenden cada un dos conceptos, ingresándose o importe total da conta corrente de anticipo de caixa fixa. Desta forma, reporanse os fondos gastados no período a que se circunscribe a conta mensual.

6ª) En ningún caso a contía global dos ACF poderá exceder a MIL € (1000,00 €).**7ª) Contabilidade e control:**

O seguimento contable dos anticipos farase na forma prevista na Instrución do modelo normal de Contabilidade Local (HAP/1781/2013, do 20 de setembro).

BASE 26ª.- GASTOS DE CARÁCTER PLURIANUAL

A autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinarase ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos.

Ditos gastos estarán sometidos ás limitacións establecidas nos artigos 174 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

No caso de Inversións, transferencias de capital e transferencias correntes, o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros non poderá exceder da contía que resulte de aplicar as porcentaxes que se sinalan no parágrafo seguinte que se obtén despois de efectuar sobre o crédito inicial da aplicación orzamentaria as seguintes operacións:

- Dedución do importe dos compromisos de gastos plurianuais en exercicios anteriores, na parte imputable ao exercicio corrente.
- Incrementos derivados de modificacións de créditos tramitadas no exercicio.
- Minoracións por baixas ocasionadas por anulación de crédito ou por transferencias a outras aplicacións.

As porcentaxes expresadas no apartado anterior serán: para o exercicio inmediato seguinte o 70%, para o segundo exercicio o 60% e, no terceiro e cuarto, o 50%.

Excepcionalmente, o Pleno do Concello poderá ampliar o número de anualidades así como elevar as porcentaxes e contías; e fixar o límite das novas porcentaxes. Tendo en conta esta previsión, a través das presentes bases establécese que no suposto de que ditos investimentos ou transferencias de capital deveñan de convenios de cofinanciamento suscritos ou que se van a suscribir con entes públicos ou privados, así como de resolucións de concesións de axudas para a realización de investimentos, as porcentaxes e anualidades serán as que neles se determinen.

CAPÍTULO 2º.- NORMAS REGULADORAS RELATIVAS AOS INGRESOS**BASE 27ª.- ACTOS DE XESTIÓN RELATIVOS AOS INGRESOS**

Deberá producirse a fiscalización previa pola intervención municipal do Concello e ditame da Comisión Especial de Contas e de Economía e Facenda actuando como Comisión informativa, para a súa aprobación polo órgano competente, e previo informe da Tesoureiría Municipal, nos seguintes casos:

- Imposición, modificación ou supresión de taxas, impostos e prezos públicos, así como as súas respectivas ordenanzas.

- Operacións de crédito e tesouraría, sempre que se superen os límites porcentuais e requisitos que determinan a competencia de Alcaldía.

Todo ingreso levará consigo necesariamente a contracción anterior ou simultánea do correspondente dereito a favor da Facenda Local; é dicir, o asento contable do dereito á percepción dunha cantidade determinada en virtude do precepto legal de carácter xeral, de documento cobratorio ou acto individual de liquidación, debidamente aprobados e acorde co establecido nas ordenanzas reguladoras do dito ingreso.

b) Rexiranse polo establecido no artigo 198.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Darase conta a intervención do concello, polo persoal dos servizos económicos encargados da contabilización de ingresos e polos servizos de Tesourería, das incidencias atopadas en materia de ingresos derivados de actos, toda vez non se contempla a fiscalización previa en materia de ingresos, limitándose a toma de razón contable. Ditas incidencias faranse contar no informe que se emita en cumprimento do determinado no artigo 218 do TRLFL.

BASE 28ª.- INGRESOS PROVINTES DE SUBVENCIONS E OUTROS

Os recursos que se refiran a subvencións procedentes doutras entidades, así como os de dereito privado e os relativos a operacións de crédito para a financiación de obras ou servizos, deberán ser xustificadas previa e fidedignamente e non poderán ser aplicados a atencións distintas daquelas para as que foron destinadas.

BASE 29ª.- OPERACIÓNS DE TESOURERÍA

De acordo co disposto nos artigos 53 e 199 do TRLRHL, e previo informe da Tesourería Municipal e da Intervención, en funcións de fiscalización previa, o Sr. alcalde - presidente poderá concertar operacións de tesouraría para cubrir déficits temporais de liquidez. A contratación das ditadas operacións garantirá o cumprimento dos principios xerais que rixen a contratación pública.

CAPÍTULO 3º.- CONTABILIDADE

BASE 30ª.- TRATAMENTO INFORMÁTICO DOS LIBROS DE CONTABILIDADE

Aos efectos de dar cumprimento as obrigas legais púxose en marcha o xestor documental FIRMADOC posto a disposición dos concellos da provincia pola Deputación Provincial, en prestación das súas competencias de asistencia técnica.

BASE 31ª.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

1º.- A Liquidación do Orzamento poñerá de manifesto o indicado no artigo 93 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

2º.- Como consecuencia da Liquidación do Orzamento deberá determinarse:

- a) Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pagamento a 31 de decembro.
- b) O Resultado Orzamentario.
- c) Os Remanentes de Crédito.
- d) O Remanente de Tesouraría.

3º.- Corresponderá ao Sr. alcalde, previo informe de Intervención, a aprobación da liquidación do Orzamento do Concello.

BASE 32ª.- REMANENTE DE TESOURARIA

1º.- O Remanente de Tesouraría do Concello estará integrado polos dereitos pendentes de cobro, obrigas pendentes de pagamento e os fondos líquidos, todos estes referidos a 31 de decembro do exercicio.

2º.- Considerarase Remanente de Tesouraría dispoñible para financiar gastos xerais, o que resulte de deducir do Remanente de Tesouraría o importe dos dereitos pendentes de cobro que, na fin do exercicio, se consideren de difícil ou imposible recadación e no exceso de financiación afectado producido.

3º.- De conformidade co establecido no artigo 193 bis do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, considéranse dereitos pendentes de cobro de difícil ou imposible recadación os seguintes:

- O 25% dos dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación.
- O 50% dos dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos do exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación
- O 75% dos dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos exercicios cuarto e quinto anteriores ao que corresponde a liquidación
- O 100% dos dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos restantes exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación

BASE 33ª.- APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DAS DÉBEDAS

A concesión de aprazamento e fraccionamento de ingresos públicos municipais corresponderá ao alcalde-presidente dentro da súa competencia residual, previo informe da tesouraría, sobre a procedencia da súa concesión.

Ao citado órgano corresponderalle a dispensa da garantía nos supostos previstos no artigo 50 do Regulamento Xeral de Recadación, e nos de suspensión de procedemento recadatorio ao que se refire o artigo 14.4 do TRLRFL.

BASE 34ª.- MODIFICACIÓN DE DEREITOS E OBRIGAS DE EXERCICIOS PECHADOS

As baixas que se produzan no exercicio relativas a dereitos de exercicios pechados tramitaranse de acordo coa súa normativa específica. As anulacións de liquidacións, insolvencias, prescrición e demais motivos de baixa de dereitos recoñecidos seranlle de aplicación os seguintes preceptos:

- RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL.
- Lei 58/2003, do 27 de decembro, Xeral Tributaria.
- Regulamento Xeral de Recadación aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.

Cando sexa preciso modificar saldos iniciais de dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pagamento, a causa de erros ou omisións na información contable e orzamentaria; así como dar de baixa dereitos ou obrigas por insolvencia, prescrición e demais motivos de baixa; co fin de garantir que a contabilidade reflexe a imaxe fiel da situación financeira e patrimonial do Concello e garantir a permanente concordancia da información contable, tramitarase o oportuno expediente, no que, previo informe de Tesorería e fiscalización previa da intervención, a aprobación definitiva da modificación ou modificacións que se propoñan corresponderá ao Sr. alcalde-presidente.

BASE 35ª.- CRITERIOS PARA DETERMINAR A AMORTIZACIÓN DOS ELEMENTOS DO INMOBILIZADO.

As cotas de amortización determinaranse polo método de cota lineal.

En todo o demais rexerase polo disposto na Orde HA/1781/2013.

TÍTULO IV.- OUTRA INFORMACIÓN CONTABLE**CAPÍTULO 1º.- NORMAS XERAIS****BASE 36ª.- INFORMACIÓN PERIÓDICA PARA O PLENO DA CORPORACIÓN**

No cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, a intervención ou órgano que teña atribuída a función contable, elaborará a información de execución dos orzamentos e do movemento e situación de tesouraría, para remitir ao Pleno da Corporación, por conduto da presidencia, nos prazos e coa periodicidade establecida para a rendición da información trimestral ao Ministerio de Facenda, a través da oficina virtual.

BASE 37ª.- CONTIDO DA INFORMACIÓN

A información que se remitirá ao Pleno conterá os datos relativos á execución do orzamento de gastos correntes, á execución do orzamento de ingresos corrente, ao movemento e situación de tesouraría.

A información sobre a execución do orzamento de gastos corrente poñerá de manifesto, para cada aplicación orzamentaria, o importe correspondente a :

- Os créditos iniciais, as súas modificacións, e os créditos definitivos
- Os gastos comprometidos.
- As obrigas recoñecidas netas.
- Os pagamentos realizados.
- A porcentaxe que representa os gastos comprometidos respecto aos créditos definitivos.
- A porcentaxe que representa as obrigas recoñecidas netas respecto aos créditos definitivos.
- A porcentaxe que representa os pagamentos realizados sobre as obrigas recoñecidas netas.

A información sobre a execución do orzamento de ingresos corrente poñerá de manifesto para cada aplicación orzamentaria, o importe correspondente a :

- As previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas
- Os dereitos recoñecidos netos.
- A recadación neta.
- A porcentaxe que representa os dereitos recoñecidos netos respecto ás previsións definitivas.
- A porcentaxe da recadación neta sobre os dereitos recoñecidos netos.

A información sobre os movementos e a situación da tesouraría poñerá de manifesto, alomenos, os cobros e pagamentos realizados durante o período ao que se refira a información, así como as existencias na tesouraría ao principio e ao remate do dito período.

BASE 38ª.- PERIODICIDADE

A información renderase na sesión plenaria ordinaria seguinte a da remisión de información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

CAPÍTULO 2º.- AVANCE DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRENTE

BASE 39ª.- NORMAS XERAIS

Corresponde á intervención municipal, como órgano da entidade local que ten atribuída a función contable, elaborar o avance da liquidación do orzamento corrente, ao que se refire o artigo 18.b) do RD 500/90, e que deberá de unirse ao orzamento da entidade.

A estrutura deste avance de liquidación determinarase pola intervención municipal, de conformidade co que estableza o Pleno.

BASE 40ª.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO REFERIDA A SEIS MESES DO EXERCICIO

1. Este estado poñerá de manifesto, en relación co estado de gastos e a nivel de capítulo, o importe correspondente a:

1. Os créditos iniciais, as súas modificacións (distinguindo polo menos as incorporacións de remanentes de crédito do resto) e os créditos definitivos.
2. Os gastos comprometidos, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos
3. As obrigas recoñecidas netas, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.
4. Os pagamentos realizados, con indicación da porcentaxe de execución sobre as obrigas recoñecidas netas
5. As obrigas pendentes de pagamento
6. Os remanentes de crédito

2. En relación co estado de ingresos e a nivel de capítulo, poñerá de manifesto:

- As previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas.
- Os dereitos recoñecidos
- Os dereitos anulados
- Os dereitos cancelados
- Os dereitos recoñecidos netos, con indicación da porcentaxe de execución sobre as previsións definitivas
- A recadación neta, con indicación da porcentaxe de execución sobre os dereitos recoñecidos netos
- Os dereitos pendentes de cobro
- A comparación entre os dereitos recoñecidos netos e as previsións definitivas.

O resultado orzamentario.

BASE 41ª.- ESTIMACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO REFERIDA A 31 DE DECEMBRO

Poñerá de manifesto, a nivel de capítulo, os importes estimados da liquidación do orzamento do exercicio, indicando os créditos e as previsións definitivas, as obrigas e os dereitos recoñecidos netos, e a porcentaxe de execución dos créditos e as previsións definitivas, respectivamente.

TÍTULO V.- GASTOS DE PERSOAL

CAPÍTULO 1º.- NORMAS XERAIS

BASE 42ª.- INCREMENTO DE RETRIBUCIÓN DO PERSOAL

As retribucións íntegras do persoal funcionario e laboral ao servizo deste Concello, así como as dos concelleiros con dedicación exclusiva e parcial, experimentarán a variación prevista na Lei anual de Orzamentos xerais do Estado.

BASE 43ª.- PRODUTIVIDADE, GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS POR TRABALLOS FÓRA DA XORNADA LABORAL E OUTRAS

A concesión e aprobación destas retribucións rexerase polo disposto no Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario e no convenio colectivo de traballo do persoal laboral ao servizo do Concello de Arzúa (BOP núm. 228 do 27 de novembro de 2014).

No caso de que se estableza o Complemento de Produtividade, corresponde ao Alcalde a distribución e asignación individualizada da contía global fixada nos orzamentos para complemento de produtividade, de acordo cos criterios xerais previamente establecidos polo Pleno.

Os criterios xerais de distribución e asignación individual dos complementos de produtividade serán obxecto de negociación coa representación sindical.

As cantidades que perciba cada traballador por este concepto serán de coñecemento público dos demais funcionarios, así como dos representantes sindicais.

As gratificacións por servizos extraordinarios fóra da xornada laboral non poderán ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo. No suposto excepcional de que os servizos extraordinarios realizados fóra da xornada laboral sexan remuneradas economicamente, seguiranse os seguintes criterios:

- a) Con carácter xeral, cada hora extraordinaria traballada será retribuída co valor de 1,5 horas normais.
- b) As horas extraordinarias traballadas en horario nocturno, e en domingos ou en festivos, retribuiranse co valor de 1,75 horas normais.
- c) As horas extraordinarias traballadas os domingos ou festivos en horario nocturno retribuiranse co valor de 2 horas normais.

O valor da hora normal de traballo será o resultado de dividir a retribución anual bruta correspondente a cada categoría profesional (deducidos os trienios e a produtividade) entre a xornada anual de traballo aprobada para cada ano pola Administración Estatal.

BASE 44ª.- COMPLEMENTOS DE ANTIGÜIDADE (TRIENIOS)

A concesión e aprobación destas retribucións rexerase polo disposto no Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario e no convenio colectivo de traballo do persoal laboral ao servizo do Concello de Arzúa (BOP núm. 228 do 27 de novembro de 2014).

A antigüidade por trienios aboarase a todo o persoal laboral do Concello de Arzúa con importe único de 40 Euros, sempre que non resulte contratriario á lexislación orzamentaria básica ou en calquera caso, cando o permita a lei. Se non fora así e non se puidera aplicar, aboaríase a antigüidade como se viña facendo ata o momento.

BASE 44ª-BIS COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS EN SITUACIÓN DE ILT

Conforme se determina no artigo 146.3 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, tamén se establece para os empregados do Concello de Arzúa, o abono do complemento retributivo dende o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou de disfrute da licenza por enfermidade, de xeito que sumado a prestación do réximen xeral da Seguridade Social, alcance o 100 % das retribucións fixas mensuais do mes de inicio da incapacidade temporal

BASE 45ª.- NÓMINAS

1.- Todas as pecepcións do persoal realizaranse a través de nómina, establecéndose a prohibición de facelo doutro xeito. O cobro da nómina deberá poder efectuarse o último día do mes. A nómina, que se derive do Libro de Rexistro de Persoal, deberá conter tódolos datos persoais precisos e os conceptos retributivos detallados e en concreto, sempre de xeito claro, o importe bruto, as deducións e o importe líquido, procurando a maior transparencia e claridade posibles.

2.- Toda as nóminas confeccionaranse divididas nos departamentos actuais ou naqueles outros que, a xuízo dos responsables de persoal e Intervención, poidan considerarse máis adecuados.

3.- A nómina será aprobada por resolución do alcalde-presidente e os haberes de persoal que figuren na nómina única serán pagados pola entidade bancaria designada ao efecto pola Presidencia.

4.- O pagamento efectuarase pola dita entidade bancaria mediante abono na conta da dita entidade ou doutra que fora elexida polo perceptor. O pagamento, nestos casos, xustificarase co documento acreditativo do abono ou da orde de transferencia da entidade coa que se ten concertado o servizo de pagamento de haberes.

BASE 46ª.- ANTICIPOS REINTEGRABLES A FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL

A concesión de anticipos reintegrables rexerase polo disposto no Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario e no convenio colectivo de traballo do persoal laboral ao servizo do Concello de Arzúa (BOP núm. 228 do 27 de novembro de 2014).

A concesión de anticipos rexerase polo establecido no artigo 78 do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario, e no artigo 80 do convenio colectivo do persoal laboral.

A contía máxima para a concesión de anticipos reintegrables para o ano 2023 é de 6000 €.

Dúas veces ao ano os empregados/as municipais terán dereito a percibir anticipadamente ata o 75% das súas retribucións mensuais líquidas, que se descontará automaticamente na nómina do mes en que se conceda.

Os empregados municipais terán dereito a percibir anticipadamente o importe das súas retribucións de dúas mensuralidades, que se reintegrarán sen xuro no prazo máximo de 14 meses.

Por pedimento do/a interesado/a, os anticipos poderán amortizarse en prazos inferiores aos establecidos ou mediante entrega de contías a tanto alzado.

A concesión dos distintos tipos de anticipos que se establecen serán compatibles entre si. Nembargante, a concesión simultánea de anticipos previstos no presente artigo obriga aos beneficiarios á amortización simultánea e individualizada de cada un deles.

Será requisito imprescindible para poder solicitar o anticipo salarial que o funcionario se atope incluído na nómina de haberes, polo menos, dende o mes anterior á formalización da solicitude, que a súa vinculación laboral co Concello de Arzúa teña, de principio, unha duración superior ao período de devolución do anticipo e que non teña outro anticipo sen cancelar.

No suposto de que o funcionario a quen se lle outorgou un anticipo causara baixa no seu posto de traballo, como consecuencia da extinción da súa relación laboral, concesión de calquera tipo de excedencia, permiso sen soldo ou suspensión da relación laboral, con excepción da dimanante de incapacidade temporal ou maternidade na muller traballadora, deberá reintegrar as cantidades non devoltas dentro do mesmo mes en que se produza a mencionada baixa.

CAPÍTULO 2º.- OUTRAS RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN, PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL.

BASE 47ª.- GASTOS DE LOCOMOCIÓN, AXUDAS DE CUSTOS E INDEMNIZACIÓN

1.- Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisións de servizos ou xestións oficiais, asistencia a seminarios e cursos de formación ou outros de natureza similar dispostos pola Corporación, polo seu presidente ou por outros órganos competentes, aboaranse logo da autorización da comisión e tras a presentación responsable das minutas correspondentes. Tratándose de asistencia a cursos ou xornadas de formación, presentarse o certificado de asistencia de conformidade co regulado no RD 462/2002.

As indemnizacións por desprazamentos dentro do termo municipal, motivados por razón do servizo, serán satisfeitas acompañándose en todo caso a correspondente documentación xustificativa; de conformidade co artigo 21 do Real Decreto 462/2002.

De conformidade co disposto na disposición final cuarta do RD 462/2002, de 24 de maio sobre indemnizacións por razón do servizo e, como consecuencia da revisión do importe das mesmas, (B.O.E. de 3 de decembro de 2005), concréntanse as seguintes coantías:

a) Membros da Corporación:

- Utilización de vehículo particular

por razón do servizo 0,19 € por quilómetro.

- Axudas de custos en territorio nacional (de acordo coas fixadas para o Grupo 2 no Anexo á Resolución de 2 de xaneiro de 2.004):

Por aloxamento	Por manutención	Dieta enteira
65,97	37,40	103,37

b) Funcionarios:

Rexeranse polo disposto no artigo 74 do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario (BOP núm. 228 do 27 de novembro de 2014).

c) Persoal laboral:

Rexeranse polo disposto no artigo 76 do do Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Arzúa (BOP núm. 228 do 27 de novembro de 2014).

Constituirán indemnización por razón de servizo os conceptos definidos no Real Decreto 462/2002 de 24 de maio.

As cantidades invertidas en gastos de viaxe xustificaranse cos documentos orixinais, por cada día pola estancia e manutención fóra da residencia habitual por razóns de servizo. As contías serán as seguintes:

Por aloxamento	Por manutención	Dieta completa
65,97 €	37,40 €	103,37 €

Esta indemnización corresponde ao grupo 2, e manterase segundo fixen as normas de orzamentos anuais.

As contías de tribunais e dietas, serán as mesmas para todo o persoal con independencia do seu grupo de pertenza, elixíndose as correspondentes ao grupo 2.

As asistencias aboaranse por cada sesión determinada, con independencia de si esta se estende a máis dun día.

As indemnizacións en forma de asistencias satisfaranse a quen participe en tribunais de oposicións, concursos e concursos-oposicións, con cargo á partida orzamentaria correspondente.

Estas percepcións son compatibles coas de gastos e axudas de custo de viaxe que, no seu caso, poidan corresponder ós que para concorrer ó Tribunal se despracen dende outro centro de traballo no que prestan servizos.

Percibirase asistencia polas sesións que previamente se determinen no plan de traballo do tribunal visado pola alcaldía e que poden abarcar valoración de méritos, elaboración e realización de probas escritas e probas prácticas, en todo tipo de procesos de selección, xa sexa por concurso, concurso-oposición e oposición (en aplicación da disposición adicional sexta do RD 462/2002 de 24 de maio) . En referencia ao persoal propio da entidade, tamén cobrará importes pola asistencia a tribunais que se celebren no horario de traballo, sempre e cando non deriven as tarefas encomendadas ao seu posto a outros compañeiros do servizo e sempre e cando non sexan retribuídos por outro concepto retributivo (como por exemplo produtividade- ou gratificacións para completar outros traballos).

2.- No que se refire a asignacións dos membros da Corporación, queda concretado no seguinte réxime de dereitos económicos:

2.1.- Retribucións a Cargos Corporativos:

Os cargos corporativos con dedicación exclusiva e parcial percibirán as retribucións aprobadas polo Pleno da Corporación, na forma prevista no artigo 75 da Lei 7/1985.

2.2. Asistencias a órganos colexiados:

- Por cada asistencia ás sesións da Xunta de Goberno Local: 120 € brutos.
- Por cada asistencia ás sesións do Pleno: 120 € brutos.
- Por cada asistencia ás sesións das Comisións Especiais e Informativas, ás reunións de portavoces e reunións dos Consellos escolares e outros órganos colexiados , previa certificación de asistencia: 100 € brutos.

Os membros da Corporación que perciban dedicación exclusiva e parcial non terán dereito a percibir indemnizacións por asistencias a reunións de órganos colexiados.

CAPÍTULO 3º.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL E FUNCIONARIOS INTERINOS

BASE 48ª.- PERSOAL EVENTUAL PARA SUBSTITUCIONS E CONTRATACIÓNS TEMPORAIS DE PERSOAL LABORAL

No expediente do orzamento municipal do presente exercicio inclúese o anexo de persoal funcionario e laboral ao servizo desta entidade local, e dentro deste último diferencianse os postos de traballo de duración indefinida e os postos de traballo de duración determinada.

BASE 49ª.- NOMEAMENTO FUNCIONARIOS INTERINOS PARA EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE CARÁCTER TEMPORAL OU ACUMULACIÓN DE TAREFAS

Quedando previsto no artigo 200 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do Empregado Público de Galicia, que “nos casos e circunstancias determinados polo seu artigo 23, as entidades locais non poderán contratar persoal laboral temporal e deberán nomear, de resultar necesario, persoal funcionario interino nos termos previstos en dito artigo”

E segundo o previsto nese artigo 23, “poderase nomear funcionario interino, cando concorran algunha das seguintes circunstancias...c) A execución de programas de carácter temporal ou de duración determinada que non responda a necesidades permanentes da Administración; cuxo prazo máximo de duración non poderá ser superior a tres anos, ampliables ata doce meses mais de xustificar a duración do correspondente programa”.

Ante a necesidade de ter que utilizar o nomeamento de funcionarios interinos nos supostos indicados, para o cal é preciso aprobar as bases que rexeran as correspondentes convocatorias, determinarase que as retribucións que se establecen para os nomeados/as serán as equivalentes a postos que figuran na relación de postos de traballo, que inclúan funcións iguais ou similares ás que se determinan nas propias bases de selección, e no suposto de que non existise ningún posto asimilable na relación de postos de traballo, trátaranse de establecer unhas retribucións axeitadas ás funcións que realizan, utilizando os criterios de valoración fixados na RPT, ou acudindo a retribucións fixadas por outras Administracións para perfiles profesionais idénticos, tendo en conta que se deberán respetar os tramos de complementos de destino segundo a titulación requirida, así como sendo as súas retribucións básicas as que correspondan ao subgrupo co que se corresponde a súa titulación.”

TÍTULO VI.- CONTRATACIÓN DE OBRAS, SUBMINISTROS E SERVIZOS**CAPÍTULO ÚNICO.- NORMAS XERAIS****BASE 50ª.- REGLAS ESPECIAIS DE CONTRATACIÓN. CONTRATOS MENORES**

Os contratos menores defínense exclusivamente pola contía, de conformidade cos artigos 29 e 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Terán a consideración de contratos menores:

- Contrato de obras de valor estimado inferior ós 40.000,00 euros
- Contratos de subministro ou servizos de valor estimado inferior ós 15.000,00 euros.

A execución de gastos mediante contrato menor respectará en todo caso os límites máximos, cuantitativos e cualitativos, establecidos na lexislación vixente.

Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá que se acredite o establecido na LCSP, en concreto no artigo 118, que na redacción actual establece os seguintes :

- Informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato.
- Xustificación de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación.
- Aprobación do gasto e incorporación ó mesmo da factura correspondente.

- No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanciedade da obra. A necesidade ou non da dita documentación técnica virá avalada por informe técnico que acompañará ao orzamento elaborado (esto con independencia do cumprimento doutros trámites que deriven da normativa sectorial aplicable; Lei de ordenación da edificación, normativa urbanística e de prevención de riscos ...etc).

- Visto o informe da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado (informe expediente 21/21) no que asumen a condición de expediente de contratación do contrato menor, en contra doutros criterios doutrinais, e no que establecen que fai falta un informe xurídico segundo o establecido na disposición adicional terceira, no seu apartado 8 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, toda vez o uso da contratación menor deriva normalmente da imprevisión do gasto a realizar e aos efectos de actuar cunha maior axilidade, por razóns de eficacia e eficiencia na actuación administrativa e tendo en conta a limitación dos medios persoais existente no concello, de conformidade co indicado no informe xurídico de secretaría de data 25/03/2022 sobre esta cuestión (incorporado a expediente tedec 2022/C002/000001 - Desbroce pistas parcelaria nas parroquias de Branzá e Dombodán), o contido do informe xurídico que deba emitirse nos procedementos de contratación menor quedará limitado a un informe xurídico xeral sobre procedemento a seguir, o cal se actualizará coas modificacións normativas e nova xurisprudencia que xurda. Nestes expedientes comprobarase con carácter previo á aprobación do decreto de adxudicación, que na documentación que obra nos mesmos contéplase o órgano de contratación competente

e inclúese o requirido nos artigos 118.2 e 118.4 (para obras) da LCSP, facendo constar expresamente, en caso contrario, a súa carencia, como advertencia de ilegalidade no decreto de adxudicación que corresponda. Todo elo sen prexuízo do disposto na Instrución 1/2019, de 28 de febreiro, da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, obrigatoria para todos os órganos de contratación do sector público do Estado, que deberá ser tida en conta para a tramitación dos expedientes de contratación menor.

Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos.

Queda prohibido todo fraccionamento do gasto que teña por obxecto eludir os trámites e contías regulados nesta sección.

Os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación. Isto implica a acreditación por parte dos terceiros do seguinte:

1. Ten que tratarse dunha persoa física ou xurídica.
2. Se é persoa xurídica, a prestación do contrato debe atoparse dentro dos seus fins, obxecto ou ámbito de actividade.
3. Non estará incurso en causa de prohibición para contratar.
4. Contará coa habilitación profesional necesaria.

Cando se trate de gastos derivados de prestacións/subministros/servizos cun importe inferior a 5.000,00 €, IVE excluído, poderá tramitarse expediente de proposta de gasto . A proposta de gasto será remitida ao departamento de Intervención para a efectuar a reserva de crédito na contabilidade municipal (compromiso de gasto/aprobación do gasto). Aos efectos de motivar a necesidade de contratación, e a non alteración do obxecto do contrato para eludir outros procedementos de contratación diferentes á contratación menor, no suposto destes pagos menores, procederá a conformarse pola Alcaldía a oferta dos terceiros que se propón contratar o que levará implícito a xustificación da necesidade de realizar o dito gasto polo órgano de contratación así como declaración de que non se está a alterar o obxecto do contrato para evitar a tramitación doutros procedementos de contratación diferentes á contratación menor/adxudicación directa, e que non existen medios propios, materiais ou persoais suficientes e sempre que sexa posible constará proposta asinada e motivada do departamento responsable da xestión do gasto. No suposto de contratos de obras, deberá acompañarse a documentación antes especificada, e somentes se deberán tramitar por esta vía as que se refiran a traballos de mantemento e reparación ordinaria, que non impliquen investimentos.

TÍTULO VII.- SUBVENCIONES

CAPÍTULO 1º.- NORMAS XERAIS

BASE 51ª.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

As presentes normas serán de aplicación a toda clase de axudas e subvencións cuxa xestión corresponda na súa totalidade ao Concello de Arzúa.

Entenderase por axuda ou subvención toda disposición gratuíta de fondos municipais que se outorgue con cargo ao orzamento xeral do Concello a favor de persoas ou entidades públicas ou privadas, para fomentar unha actividade de utilidade ou interese social ou para promover a consecución dun fin público ou que, en xeral, contribúa ao desenvolvemento dos intereses peculiares do municipio.

En aplicación do artigo 9.2.a) do RD 500/90, sinálanse na base seguinte as subvencións que o Concello de Arzua consigna nominativamente nos seus orzamentos. En todo o demais, de acordo co disposto no artigo 9.3 do RD 500/90, estas bases de execución remítense ao regulado na Ordenanza xeral de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación.

BASE 52ª.- SUBVENCIONES NOMINATIVAS

A través da presente base de execución do orzamento establécense como subvencións nominativas, cunha porcentaxe máxima de financiamento do 100% ata o límite cuantitativo establecido na seguinte táboa, as seguintes:

BENEFICIARIO	IMPORTE	FINALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA.
Asociación Festa da Gaita Galega G70324553	2.600 €	Actividades exaltación da cultura e tradición galegas; " Festa da gaita galega e cantos de taberna". Anualidade 2025.	338.480.00
Asociación Amigos do Cabalo "O Estribo" G70029004	6.000 €	Fomento da actividade deportiva e cultural relacionada co cabalo Ruta Cabalar 2025	338. 480. 00
Asociación de Empresarios da Comarca de Arzúa G15346109	3.000 €	Promoción do comercio en Arzúa	4314.480.00

BENEFICIARIO	IMPORTE	FINALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA.
Asociación AMARAY (G15637325)	3.000 €	Gastos funcionamento en materia de transporte usuarios; anualidade 2025	231.480. 00
Asociación Socio-educativa Gandoy. G27443142	2.000,00 €	Gasto ano 2025 derivados da atención á infancia no ámbito rural de Arzúa: preescolar na casa	231.480. 00
Casino Sociedade Deportiva Arzúa G15384837	41.000 €	Actividades Deportivas de Competición.: para a tempada Deportiva 2025/2026	341. 480.00
Clube de Natación Arzúa. G15930043	16.000 €	Actividades Deportivas de Competición.: para a tempada Deportiva 2025/2026	341. 480.00
ANPA XERMOLOS. G02640209	11.000 €	Servizo Madrugadores: monitores piscina e outras actividades (inglés) curso escolar 2024/2025	2311. 480. 00
ANPA Nosa Sra do Rosario. G15371388	6.000 €	Monitores e transporte Piscina +almorzo no cole; curso escolar 2024/2025	2311. 480. 00
Asociación de veciños O Cruceiro de Sta María. G15279854	3.000 €	Gastos derivados organización/celebración festas de San Xoán.2025	338. 480. 00
Asociación sociocultural Nosa Señora do Carme. G15922685	20.000 €	Gastos derivados da celebración das Festas do Carme 2025	338. 480. 00
Asociación Cutinocho. G15379951	2.500 €	Gastos organización e celebración Festa dos botes 2025	338. 480. 00
Cáritas Española NIF: R2800560A	2.000 €	Gatos de acción social no Concello de Arzúa. Ano 2025	231.480. 00

Para a tramitación de subvención nominativas con cargo ao orzamento municipal requirirase que o beneficiario aporte, con carácter previo á concesión, a seguinte documentación:

1.- Memoria das actividades a realizar e calendario das mesmas

2.- Orzamento de gastos e ingresos da actividade, que incluírá coa maior desagregación posible:

- Gastos de personal
- Gastos correntes en bens e servizos orixinados directamente pola actividade . Non se financiarán gastos correntes de funcionamento da entidade tal como gastos telefónicos, gastos en enerxía eléctrica, material de oficina, etc que non sexan orixinados directamente pola actividade a financiar, extremo este que deberá xustificarse en todo caso.
- Orzamento de ingresos da actividade, con indicación das fontes de financiamento.

3.- Acreditación de que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como co Concello de Arzúa. Para elo achegarse un certificado expedido pola Administración Tributaria e pola Seguridade Social. Tamén se achegará un certificado expedido polo Concello de Arzúa conste que o solicitante non é debedor por ningún concepto á Tesourería Municipal, sen que no mesmo se inclúan as débedas que están en período voluntario de pago. A entidade poderá autorizar ao Concello para que recabe directamente os datos das administracións.

4.- Declaración de estar inscrito no rexistro municipal de Asociacións do Concello de Arzúa, facendo constar que non ten variado a información subministrada, salvo supostos excepcionais previstos na normativa aplicable, nos que dita inscrición non sexa necesaria, nese suposto deberá presentarse documentación acreditativa da personalidade xurídica e representación da entidade , así como os seus Estatutos.

5. Certificado de conta bancaria actualizado, nos que efectuar os ingresos que deriven dos acordos de concesión de axudas e de aprobación da xustificación no seu caso.

O importe máximo de axuda que se concederá será o consignado para tal finalidade nos orzamentos municipais e especificado nas bases de execución do orzamento.

A tramitación esixirá a sinatura dun convenio entre o Concello de Arzúa e o beneficiario da axuda, que terá o carácter de bases reguladoras da concesión, de conformidade co artigo 65 do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento de subvencións.

No expediente de concesión de subvención nominativa acreditaranse as causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da mesma e que non é posible promover a concorrência.

O prazo para a xustificación das axudas rematará o día 30 de novembro. Dendo o 30 de novembro ata finais do exercicio orzamentario realizaranse as actuacións tendentes a aprobación da xustificación e pagamento correspondente. No suposto da axuda nominativa a entidade deportiva, toda vez se subvenciona a tempada deportiva, a xustificación abranguerá ata o ano 2024, finais de maio, cando remata a dita tempada. No exercicio 2023 abonarase o anticipo, e a

parte restante da xustificación da axuda concedida no ano anterior (tempada deportiva 2022/2023, que se xustificará ao finalizar o mes de maio).

Os servizos municipais que xestionen as subvencións tramitarán o requirimento a que se refire o artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións para o suposto de que remate o prazo de xustificación de axudas sen que a dita xustificación se efectuase.

O modelo de convenio sen prexuízo das adaptacións que se requiran en cada caso concreto segundo ás especificidades de cada subvención será o seguinte:

“En Arzúa, a de de 2025, REUNIDOS

D., Alcalde – Presidente do Concello de Arzúa, c/ Santiago, núm.2, 15810 ARZÚA (A Coruña), en nome e representación do mesmo, e por outra banda

D.con DNI número, en representación da, con NIF e domicilio

Tendo en conta a resolución de alcaldía número/acordo de Xunta de Goberno Local de data de de 2023 pola que se lle concede á unha subvención con cargo á aplicación orzamentaria do Orzamento Xeral do 2023, por un importe de €.

Tendo en conta o artigo 2.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e artigo 2 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arzúa; segundo os cales serán subvencións as disposicións diñeirarias realizadas polo Concello suxeitas ao cumprimento dun determinado obxectivo, a realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular; debendo cumprir os beneficiarios coas obrigas materiais e formais que se estableceran; tendo por obxecto estas condutas o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social ou promoción dunha finalidade pública.

Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro que considera os convenios como os instrumentos habituais para a canalización das subvencións directas, e tendo en conta o disposto no artigo 19 na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arzúa, así como as Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2023.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de Arzúa e, para financiar os gastos ocasionados con motivo da realización da actividade, e co obxecto de formalizar esta colaboración as partes acordan subscribir o presente convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O Concello de Arzúa está interesado en colaborar economicamente coa para subvencionar

SEGUNDA.- O Concello de Arzúa contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de€, o que representa unha porcentaxe de% sobre o total dos gastos manifestados na memoria que se une á solicitude que inicia o expediente. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos. O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria

TERCEIRA.- A subvención do Concello é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o beneficiario obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención municipal e outros ingresos de natureza pública ou privada, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

CUARTA.- A entidade comprométese á realización das actividades que para as que se outorga a axuda; comprometéndose a través do/a seu/súa presidente/a D..... á asunción dos gastos que orixinen ditas actividades; así como ás tarefas de xustificación da subvención concedida ó efecto. Non serán subvencionables os gastos en adquisición de mobiliario ou calquera outro gasto en investimento.

QUINTA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO.- Constitúen obrigas do beneficiario:

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda. A subvención deberá ser destinada exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.

2. O beneficiario comprométese a dar a publicidade que sexa conveniente ao Concello de Arzúa por esta colaboración.

3. O beneficiario está obrigado, cando así sexa requerida polo Concello, a xustificar o cumprimento do establecido nas cláusulas deste convenio. Ademais, deberá someterse, cando así se lle requira, ás actuacións de comprobación e control

financeiro por parte da intervención xeral do Concello, ou as efectuadas polos servizos da Deputación Provincial da Coruña, actuando en base a delegación das funcións para a prestación de servizos de control financeiro, aprobada inicialmente en sesión do 7 de xaneiro de 2021 tras elevarse o acordo a definitivo, tal e como queda constancia no anuncio publicado no BOP da provincia de data 12 de Maio e tendo en conta que a dita delegación foi aceptada por dita entidade.

4. Deberá comunicar ao Concello a obtención de calqueira outra subvención, axuda, ingreso ou recurso que financie a actividade que se subvenciona, sen que en ningún caso, o importe das subvencións poida ser de tal contía que, aislada ou en concurrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos supere o coste da actividade subvencionada. Esta comunicación realizarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5. O beneficiario deberá conservar os documentos xustificativos dos fondos percibidos, así como a documentación contable que lle sexa esixida na súa lexislación aplicable, có fin de facilitar as actuacións de comprobación e control.

SEXTA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN.- A xustificación baixo a responsabilidade do declarante, farase coa presentación no Rexistro de Entrada do Concello, antes do 30 de novembro do ano 2023/do remate do mes de maio de 2023 (no suposto da entidade deportiva) , salvo que se aprobe outro prazo adicional polo Concello. Deberá presentarse a documentación seguinte:

- Anexos I e II debidamente cumprimentados
- Facturas, nóminas ou outros documentos de valor probatorio equivalente e con validez no tráfico xurídico mercantil que acrediten os gastos realizados; e que deberán de importar, como mínimo, a contía da subvención concedida. No caso de obterse axudas doutras administracións públicas deberá xustificarse gasto por unha contía igual á suma de tódalas axudas, noutro caso reducirase proporcionalmente a axuda outorgada polo Concello.
- Xustificantes dos pagamentos efectuados, mediante xustificantes de transferencia bancaria, excepcionalmente serán admitida a acreditación de pagos en metálico, constando sempre identificación clara do receptor dos fondos.
- Acreditación da publicidade da colaboración económica por parte do Concello de Arzúa.

No caso de que non se presente a xustificación dentro do prazo, tramitarse o requirimento ao que fai referencia o artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

SÉTIMA: PAGAMENTO.- O pagamento da subvención concedida farase efectivo da seguinte maneira:

- Un 100% da contía con carácter prepagable, coincidindo coa sinatura do presente convenio, e reservando dese importe, como garantía, un 20% do importe da axuda concedida.
- Unha vez xustificados totalmente os gastos realizados, procederase á devolver o importe consignado en concepto de garantía da adecuada xustificación.

OITAVA.- REINTEGRO.- O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a revogación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos nas declaracións, dará lugar á cancelación da subvención e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

NOVENA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.- En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Tramitaranse como subvención directa as achegas anuais, realizadas polo Concello de Arzúa como membro socio das seguintes asociacións, segundo resulte dos respectivos acordos ou convenios de adhesión:

BENEFICIARIO	FINALIDADE	APLICACIÓN ORZAMT.
Federación Galega de Municipios e Provincias	Cota afiliación	920.480.01
Federación Española de Municipios e Provincias	Cota afiliación	920.480.01
Museo do Pobo Galego	Socio Colaborador	330.480.01
Mesa pola Normalización Lingüística	Socio Colaborador	330.480.01

EMUGA	Cuota de socio	4911.480.01
Mancomunidade de Municipios do Camiño Francés	Aportación anual á Mancomunidade	943.463.00
cotas afiliación e socio anual GDR Ulla, Tambre Mandeo; pendentes 2021, 2022 e 2023	Cuota de Socio	414. 480 01

BASE 52ª BIS: Outras subvencións nominativas

Na ordenanza municipal reguladora das axudas de emerxencia social no Concello de Arzúa, regúlanse os requisitos e normas de tramitación das axudas referidas.

O pago das ditas axudas, cando se trate de evitar o anticipo das mesmas mediante a constitución de pagos a xustificar, poderá ser cedido a favor do terceiro proveedor dos bens ou servizos para os que se concede a axuda, para garantir a correcta xustificación das axudas. A estes efectos segundo se establece no artigo 83 do Regulamento da lei 38/2003 de 17 de Novembro; Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006 de 21 de Xullo, no seu apartado primeiro;

“ Se considerará efectivamente pagado el gasto a efectos de su consideración como subvencionable, con la cesión del derecho de cobro de la subvención a favor de los acreedores por razón del gasto realizado....”

A documentación que deberá presentarse para a cesión do crédito a favor do proveedor será o documento normalizado de cesión de crédito acompañado no seu caso da factura emitida polo proveedor do servizo/subministro ou outro ben a nome do beneficiario da axuda.

BASE 53ª.- COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación da convocatoria e a concesión da subvención determinarase de conformidade coa normativa de subvencións e da reguladora do Réxime Local. Así como nos decretos ou acordos de delegación de competencias vixentes en cada momento.

Conxuntamente coa aprobación da convocatoria será aprobado o gasto polo órgano competente. A Resolución da concesión da subvención implicará o compromiso do gasto correspondente.

BASE 54ª.- XUSTIFICACIÓN DO EMPREGO DAS ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS.

1. De conformidade co previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, aos Grupos Políticos Municipais, legalmente constituídos, e para o funcionamento dos mesmos, correspóndelles as asignacións económicas que se fixan en acordos adoptados, na actualidade o acordo foi rectificado na sesión plenaria do 08/11/2019, acordándose asignar a cada grupo municipal unha dotación económica de carácter mensual, composta por dúas variables: unha fixa de 220 € e outra variable de 50 € por cada membro; que se percibirán por mes vencido na primeira quincena do mes ata a entrada en vigor da modificación das bases de execución e a partir da dita data pasará a abonarse con carácter trimestral (660 € termo fixo trimestral e 150 € por cada membro, por trimestre), ao comezo do trimestre natural.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación a que se refire o apartado anterior, que poñerá á disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida.

2. Esta subvención pagarase trimestralmente, procedendo o pago correspondente ao último trimestre no mes de outubro. A xustificación dos importes recibidos realizarase da forma prevista nestas bases, de forma que se concrete o destino desta dotación económica, delimitando o que se consideran actuacións propias dos grupos no exercicio da súa actuación corporativa co gallo de que os fondos queden xustificadas e fiscalizadas pola Intervención Municipal.

Primeiro.- Da dotación económica.

As dotacións económicas a que refírese o artigo 73.3 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local teñen carácter finalista, deben destinarse a financiar os gastos acometidos polo propio grupo político municipal no exercicio da súa actuación corporativa. Considéranse beneficiarios desta subvención os grupos políticos municipais legalmente constituídos.

Segundo.- Dos grupos municipais.

Os grupos municipais, para poder ser beneficiarios desta subvención terán as seguintes obrigacións:

- Obter un número de identificación fiscal propio e diferenciado do partido político ao que se atope vinculado.
- Obter un número de conta corrente da súa titularidade.
- Levar unha contabilidade específica dos seus gastos e ingresos.
- Conservar os xustificantes de gastos e ingresos que apoien os asentos contables.

e) Estar ao corrente das súas obrigacións tributarias e coa seguridade social. O outorgamento da presente subvención queda condicionada á presentación polo beneficiario dos certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Facenda Municipal, Facenda Autonómica e Axencia Tributaria Estatal) e fronte á Seguridade Social, e da declaración de responsabilidade de non estar incurso en ningún procedemento de reintegro.

f) Si, con cargo aos estes fondos, os grupos abonan honorarios profesionais ou outros gastos suxeitos a retención, estarán obrigados a practicar as correspondentes retencións, así como o seu ingreso na Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Terceiro.- Destino dos fondos.

Considéranse, entre outras, as actividades que comporten a realización de gastos propios do funcionamento dos grupos políticos municipais, as seguintes:

a) Os actos públicos que o respectivo grupo do Concello realice para a difusión ante a sociedade civil, asociacións, ou grupos municipais das súas iniciativas e propostas políticas impulsadas en/ou desde o Concello e os seus grupos políticos municipais.

b) Os gastos de difusión nos medios de comunicación, folletos, buzoneo e medios similares das iniciativas propias do grupo.

c) Indemnizacións por desprazamentos (kilometraxa, peaxes, transporte público) por reunións con alcaldes, conselleiros, outros concelleiros e deputados, co fin de coordinar políticas ou negociar asuntos ou cuestións que afecten as funcións e tarefas do grupo político no Concello.

d) Subministracións de bens non inventariables, consumibles, telefonía, mantemento do servizo informático propio, da web do grupo político que contrate o mesmo ou similares.

e) Contratos de aluguer, a nome do grupo, de locais necesarios para o exercicio das súas funcións.

f) Contratos de servizos en apoio das tarefas e obrigacións propias do grupo municipal no exercicio da súa actuación corporativa.

g) Comisións bancarias de xestión e mantemento da conta corrente aberta ao seu nome.

h) Gastos en formación dos membros do grupo municipal en cuestións relacionadas coas súas tarefas dentro do mesmo.

i) Gastos en desprazamento dos edís do grupo, con motivo de actos ou reunións de contido local ou sectorial, de interese para o funcionamento do respectivo grupo municipal no exercicio da súa actuación corporativa.

k) Outros gastos que queden claramente vinculados á actividade do grupo político municipal.

Cuarto.- A contabilidade específica.

a) Cada grupo político deberá levar unha contabilidade específica da dotación anual asignada, rexistrando cada unha das operacións que realicen e conservando as correspondentes facturas ou documento equivalente que conterán os requisitos esixidos pola lexislación vixente e estarán emitidas a nome do grupo.

b) Dita contabilidade deberase poñer á disposición do Pleno da Corporación cando este o solicite.

c) Cada grupo político establecerá internamente os seus mecanismos de xestión da contabilidade e a autorización de disposición dos gastos.

d) A asignación dos grupos non pode destinarse ao pago de remuneracións de persoal que preste servizos á entidade local nin á adquisición de bens que constitúan activos fixos de carácter patrimonial e inventariable.

Quinto.- O procedemento

a) Ao comezo do exercicio económico, previa petición do portavoz do grupo, ditaranse os actos de concesión da subvención anual para atender os gastos de funcionamento dos grupos políticos municipais e das fases de aprobación do gasto que comporta. O importe calcularase conforme a situación dos grupos municipais a 1 de xaneiro do ano en curso.

No suposto de variación, por calquera causa do número de membros do grupo procederase a prorratear a contía asignada aos grupos afectados por meses naturais completos. A variación da composición dos grupos terá efecto para os grupos afectados no mes inmediato seguinte ao da data de acordo plenario que altera a composición dos grupos. Así mesmo, procederase á incoación do pertinente expediente de reintegro das subvencións aos beneficiarios que se vexan afectados.

b) O ano de celebración das eleccións municipais procederase ao outorgamento da subvención correspondente aos meses de xaneiro a maio ambos inclusive. Unha vez constituída a nova corporación e adoptados os acordos de constitu-

ción de grupos municipais e de dotación de fondos aos mesmos ditarase acordo de concesión de subvención con efectos económicos do mes seguinte á constitución da nova corporación.

c) Os grupos municipais deberán presentar xustificación da subvención concedida durante o mes de xaneiro do ano seguinte ao da concesión. En caso do último ano de mandato corporativo a xustificación deberase de presentar durante os primeiros dez días do mes de xuño. A xustificación realizarase mediante a achega de conta xustificativa acompañada dos documentos válidos no tráfico mercantil que xustifiquen o dito gasto.

Sexto.- A xustificación.

a) A xustificación haberá de facerse en todo caso, mediante a presentación dunha conta xustificativa segundo o modelo determinado na actualidade e acompañada das facturas debidamente conformadas e demais documentos acreditativos dos gastos, listaxes de movementos bancarios da conta corrente para acreditar o pago das mesmas e xustificantes de transferencia bancaria. As facturas deberán ser emitidas a nome do grupo político municipal.

b) A xustificación realizarase mediante a presentación dos documentos orixinais que xustifiquen as actividades realizadas, que consistirá na emisión de factura por parte do que preste o servizo ou subministre o produto. Dita factura constará os datos fiscais (N.º Identificación fiscal ou C.I.F. da empresa, dirección, n.º de factura, conceptos, I.V.A. desagregado ou en caso contrario, que se faga constar a exención). Os gastos de desprazamentos en transportes públicos poderanse xustificar mediante o ticket ou factura correspondente. O importe da indemnización que se establece, no suposto do uso do vehículo propio será de 0,19 €/km, e para o seu cobro, igual que para o gasto derivado da utilización de transporte público, deberá vir acompañada dunha declaración do motivo do desprazamento, identificando o mesmo claramente (aos efectos de comprobar que é coherente coa finalidade da axuda) e a data e si é posible acreditación da realidade do desprazamento. Tamén, no caso de utilización do propio vehículo, farase referencia ao número de kilómetros recorridos, identificando a matrícula do vehículo propio.

c) Soamente poderanse contratar servizos ou subministracións por parte dos grupos municipais con aquelas entidades ou persoas físicas ou xurídicas que teñan o N.I.F. / C.I.F. correspondente.

d) As contas xustificativas presentadas polos grupos políticos serán aprobadas polo Pleno, previa fiscalización pola Intervención Municipal.

e) A xustificación do pago realizarase mediante copias de transferencias bancarias ou cheques con extracto bancario de que foron cobrados.

f) Non poderá liberarse un novo pago por asignación correspondente a un exercicio, si non se presentaron as xustificacións do exercicio anterior. Así mesmo cada exercicio deberá acreditarse o cumprimento das obrigacións tributarias e da Seguridade Social.

g) En ano electoral, con motivo da renovación dos grupos, cada un deles deberá presentar unha conta xustificativa polo período que corresponda á lexislatura que termina, dentro do mes seguinte ao seu termo. Os novos grupos constituídos deberán presentar outra polo período do ano que corresponda á nueva lexislatura.

Sétimo.- Pago e reintegro.

a) O aboamento da dotación económica farase nos dez primeiros días do primeiro mes do trimestre que corresponda. No ano electoral acomodarse ás especiais circunstancias, adaptándoas á finalización e comezo do mandato.

b) As cantidades non xustificadas ou indebidamente xustificadas, deberán ser reintegradas ao Concello. Non se poderá liberar ningunha nova asignación sen ter xustificada a anterior,

c) O importe non xustificado ou indebidamente xustificado poderá descontarse na seguinte asignación (sempre e cando así se solicite) , sempre e cando ésta sexa suficiente para compensar os importes a reintegrar. En caso de non ser suficiente, procederá o ingreso da diferenza.

Oitavo.- Rendición de contas.

As contas xustificativas publicaranse no portal de transparencia municipal de acordo con os criterios establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno”.

CAPÍTULO 2º.- PREMIOS

BASE 55ª.- PREMIOS

A concesión de premios requirirá a previa elaboración das bases pola concellería correspondente, e aprobación das mesmas pola alcaldía sempre que no seu conxunto non supoñan un gasto superior aos 6.000 €, noutro suposto a competencia corresponde á Xunta de Goberno Local. As bases serán informadas pola intervención municipal con carácter previo á súa aprobación e nelas especificaranse entre outras cousas:

- Obxecto dos premios
- Solicitudes e requisitos de participación
- Composición do xurado de valoración
- Criterios de outorgamento dos premios
- Aspectos relacionados coa retención de IRPF nos supostos que a normativa estableza

As correspondentes bases serán obxecto de publicación no taboleiro de edictos da Casa do Concello ou noutro medio como o BOP, radio municipal, páxina web, etc, aos efectos de dar cumprimento aos principios de publicidade e concorrência, será obrigatoria tamén a publicación na BDNS, nos supostos que os premios teñan un contido económico e non sexan soamente honoríficos.

TÍTULO VIII: CONTROL FINANCEIRO

BASE 56ª- FUNCIÓN INTERVENTORA

Fiscalización de dereitos e ingresos

1.- A fiscalización previa e intervención dos dereitos e ingresos substitúese polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior mediante a utilización de técnicas de mostra ou auditoría. O control posterior dos dereitos e ingresos da Tesourería da Entidade Local efectuarase mediante o exercicio do control financeiro.

2.- Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, a devandita substitución non alcanzará aos actos de resolución de recursos de reposición interpostos ao abeiro do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e aos expedientes de devolución de ingresos indebidos.

Supostos de fiscalización previa limitada nos expedientes de gasto.

Conforme se determina no TRLFL, non se someterá a fiscalización previa da intervención (procedo a transcribir artigo 219.1 do TRLFL);

“No estarán sometidos a intervención previa los gastos de material no inventariable, contratos menores, así como los de carácter periódico y demás de tracto sucesivo, una vez intervenido el gasto correspondiente al período inicial del acto o contrato del que deriven o sus modificaciones, así como otros gastos menores de 3.005,06 euros que, de acuerdo con la normativa vigente, se hagan efectivos a través del sistema de anticipos de caja fija.”

Existirá fiscalización previa limitada nos expedientes de concesión de pagamento a xustificar a habilitado de importe inferior ou igual a 600 €, ou os destinados a axudas de emerxencia social que se acompañen dos informes favorables do departamento de Servizos Sociais. A Intervención verificará neste momento a existencia de crédito adecuado e suficiente e a existencia de informe favorable do servizo. No momento da xustificación procederá completar o informe a outros aspectos.

Tamén se establece a limitación a fiscalización previa na fase de contratación de persoal (compromiso) , limitándose a intervención a verificar que exista fiscalización da fase anterior de gasto e que a proposta de persoal a contratar coincida coa proposta do tribunal de selección, que deriva das actas asinadas.

Nos supostos que exista menos de tres días para efectuar o trámite de fiscalización, ou o expediente conte con informe xurídico de legalidade de funcionario con titulación superior, a Intervención limitaranse a verificar os seguintes extremos:

1. Existencia de crédito orzamentario, adecuado a natureza do gasto que se propoña contraer. No suposto que o crédito orzamentario de cobertura a gastos con financiamento afectado, comprobarase que os recursos que os financian son executivos , acreditándose a existencia de documentos fehacientes que acrediten a súa efectividade. E nos supostos que se trate de contraer compromisos de gasto de carácter plurianual, comprobarase, ademais que se cumpre co establecido no artigo 174 do TRLFL.
2. Que o órgano que adopta o acordo é o competente para adoptar dito acordo.
3. Aqueles extremos considerados como transcendentais no proceso de xestión, fixados segundo Acordo do Consello de Ministros , vixente en cada momento , en referencia a función interventora en réxime de requisito básicos , que sexan de aplicación as entidades locais. A este respecto indicar que en materia de fiscalización de expedientes de contratación, temos que estar ao establecido na Resolución de 25 de Julio de 2018 de la IGAE por la que se publica el Acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018 polo que se da aplicación aos artigos 152 e 147 da Lei xeral orzamentaria , respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos no ámbito dos contratos do sector público e encargos a medios propios.

En todo caso a Intervención poderá formular as observacións complementarias que considere oportunas en todos os expedientes de fiscalización limitada que advirta ampliando a outros aspectos o contido do seu informe aos efectos de ter en conta en traballos de control permanente.

No plan de auditoría que se aprobe completárase a fiscalización aos aspectos restantes para unha mostra significativa, e toda vez non foi posible a súa aprobación en períodos anteriores, aprobarase un plan de auditoría de horizonte 2025-2027.

Información sobre reparos

Para darlle cumprimento ao disposto no artigo 218 do Real decreto lexislativo 2/2004, o interventor emitirá informe anual sobre todas as resolucións adoptadas polo presidente da Corporación e acordos adoptados por Xunta de Goberno Local contrarias aos reparos emitidos pola intervención e sobre as principais incidencias detectadas en materia de ingresos, do dito informe darase conta, en apartado específico da orde do día, nas sesión plenaria na que se da conta da liquidación do orzamento, unha vez entre en vigor o RD 424/2017 DE 28 de Abril.

Outros deberes do órgano de control

Visto o RDL 424 /2017, e visto o contido que se establece no seu artigo 5º que procedo a transcribir;

“1. Los funcionarios que ejerzan la función interventora o realicen el control financiero, deberán guardar el debido sigilo con relación a los asuntos que conozcan en el desempeño de sus funciones.

Los datos, informes o antecedentes obtenidos en el ejercicio del control interno sólo podrán utilizarse para los fines asignados al mismo y, en su caso, para formular la correspondiente denuncia de hechos que puedan ser constitutivos de infracción administrativa, responsabilidad contable o penal.

2. Cuando en la práctica de un control el órgano interventor actuante aprecie que los hechos acreditados o comprobados pudieran ser susceptibles de constituir una infracción administrativa o dar lugar a la exigencia de responsabilidades contables o penales lo pondrá en conocimiento del órgano competente, de acuerdo con las reglas que se establecen a continuación:

- a) Cuando los hechos pudieran ser constitutivos de delito, las responsabilidades se exigirán ante los Tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable, sin perjuicio de que el Tribunal de Cuentas conozca, en el ámbito de sus competencias, de aquellos hechos que hayan originado menoscabo de fondos públicos.*
- b) En el caso de hechos que pudieran ser constitutivos de infracciones en materia de gestión económico-presupuestaria de las previstas en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, que no siendo constitutivas de delito afecten a presuntos responsables comprendidos en el ámbito de aplicación de la citada ley, dará traslado de las actuaciones al órgano competente, sin perjuicio de poner los hechos en conocimiento del Tribunal de Cuentas por si procediese, en su caso, la incoación del oportuno procedimiento de responsabilidad contable.*
- c) En los restantes casos no comprendidos en los epígrafes a) y b) anteriores, se estará con carácter general a lo dispuesto en la Ley Orgánica 2/1982, de 12 de mayo, del Tribunal de Cuentas y en la Ley 7/1988, del 5 de abril, de Funcionamiento del Tribunal de Cuentas.*

3. El órgano interventor deberá facilitar el acceso a los informes de control en aquellos casos en los que legalmente proceda. En defecto de previsión legal, la solicitud de los mismos deberá dirigirse directamente al gestor directo de la actividad económico-financiera controlada.”

Aos efectos de dar cumprimento ao establecido no punto segundo do dito artigo, e vistas as facultades que se establecen no artigo 6 do mesmo texto legal para o órgano interventor, para realizar actuacións coas máximas garantías deberá articularse unha revisión do resultado do control efectuado polo órgano intervención, colexiada, solicitando colaboración de asesoramento xurídico a Deputación Provincial, aos efectos de avaliar a necesidade de poñer en coñecemento dos órganos competentes as actuacións realizadas por poder ser constitutivas de infracción administrativa ou dar lugar a esixencia de responsabilidades contables ou penais.

En Arzúa, a 8 de maio de 2025

O alcalde

Xoan Xesus Carril Ramos

2025/2905